

**PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E  
MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN  
PARDELLAS, MURADA E A UMIA**

**PETICIONARIO: CONCELLO DE FORCAREI**

**SITUACIÓN: TERMINO MUNICIPAL DE FORCAREI**

**REDACTOR: LETICIA DIÉGUEZ ALONSO**

**Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos. Cxdo. nº 22.623**

**Rodeiro, febreiro 2016**

# **DOCUMENTO N° 1: MEMORIA E ANEXOS**



# MEMORIA



## ÍNDICE

1.- ANTECEDENTES .....	2
2.- EMPRAZAMIENTO .....	2
3.- DESCRIPCIÓN DAS OBRAS. ESTADO ACTUAL E ACTUACIÓNS PREVISTAS .....	2
3.1.- ESTRADA DE A UMIA AO CEMITERIO DE MEAVÍA .....	2
3.1.1.- ACTUACIÓNS PROXECTADAS.....	3
3.2.- CAMIÑO DE MURADA .....	3
3.2.1.- ACTUACIÓNS PROXECTADAS.....	4
3.3.- CAMIÑO DE PARDELLAS A LAMASGALÁN .....	5
3.3.1.- ACTUACIÓNS PROXECTADAS.....	6
3.4.- XESTIÓN DE RESIDUOS .....	6
3.5.- SEGURIDADE E SAÚDE .....	6
4.- PERMISOS E LICENCIAS .....	6
5.- PREZOS .....	7
6.- PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA .....	7
7.- ORZAMENTO.....	7
8.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.....	7
9.- CÓDIGO CPV.....	7
10.- DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS .....	8
11.- PARTES DO PRESENTE DOCUMENTO.....	8
12.- CONCLUSIÓNS .....	8

## 1.- ANTECEDENTES

Redáctase o presente proxecto, a petición do Exmo. Concello de Forcarei, co fin de definir as actuacións para levar a cabo as obras de “PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN PARDELLAS, MURADA E A UMIA”.

## 2.- EMPRAZAMENTO

As obras proxectadas levaranse a cabo nas seguintes vías públicas do termo municipal de Forcarei:

- Estrada dende A Umia ao Cemiterio de Meavía
- Camiño de Murada
- Camiño de Pardellas a Lamasgalán

## 3.- DESCRICIÓN DAS OBRAS. ESTADO ACTUAL E ACTUACIÓNS PREVISTAS

### 3.1.- ESTRADA DE A UMIA AO CEMITERIO DE MEAVÍA

A actuación prevista nesta vía céntrase nun tramo duns 690 m de lonxitude que, dende a altura do lugar de A Umia, descorre en dirección ao cemiterio de Meavía, cun ancho medio duns 5,20 m sendo as coordenadas xeográficas dos puntos inicial e final do mesmo as seguintes:

Datum: WGS84	COORDENADAS PTO INICIAL	x: 553.160,47	y: 4.721.396,89
Huso: 29	COORDENADAS PTO FINAL	x: 552.498,09	y: 4.721.474,93

Obsérvase o deterioro do pavimento coa aparición de fochas e defectos superficiais que dificultan a circulación polo mesmo.



VISTAS DO ESTADO ACTUAL DO FIRME

### 3.1.1.- ACTUACIÓNS PROXECTADAS

No tramo identificado neste apartado levarase a cabo, en primeiro lugar, unha limpeza de foxos e marxes da vía, co fin de impedir que a auga procedente da choiva e da escorrega superficial descorra pola calzada. Finalmente, unha vez varrida e limpa a superficie, levarase a cabo un reforzo do pavimento coa aplicación, en todo o tramo, de 5 cm de mestura bituminosa en quente, previa aplicación da correspondente rega de adherencia.

### 3.2.- CAMIÑO DE MURADA

A actuación prevista neste camiño parte dende a súa intersección coa estrada PO-7106 dirección Murada co percorrido sinalado nos planos de proxecto. A lonxitude total do camiño no que se formulan actuacións é de 719 metros e o seu ancho presenta variacións segundo o tramo. O camiño atópase pavimentado con produtos asfálticos e presenta un importante deterioro superficial, principalmente no tramo inicial e final do percorrido, provocado, previsiblemente, pola acción dos axentes meteorolóxicos, o envellecemento do pavimento e as cargas soportadas. As coordenadas xeográficas do punto inicial e final do camiño son as seguintes:

Datum: WGS84	COORDENADAS PTO INICIAL	x: 551.662,54	y: 4.714.005,81
Huso: 29	COORDENADAS PTO FINAL	x: 551.572,89	y: 4.713.374,82

A continuación móstranse imaxes do estado actual do camiño:



VISTAS DO TRAMO INICIAL DO CAMIÑO



VISTAS DO TRAMO CENTRAL DO CAMIÑO, AO SEU PASO POR MURADA. NA PRIMEIRA IMAXE OBSÉRVASE UNA DAS ZONAS NAS QUE SE PROXECTA A REALIZACIÓN DUN PEQUENO BADÉN DE FORMIGÓN ARMADO



VISTAS DO CAMIÑO NA SÚA SAÍDA DE MURADA.

### 3.2.1.- ACTUACIÓNS PROXECTADAS

As actuacións proxectadas consisten, nos primeiros 209 m de lonxitude, nunha limpeza de foxos e marxes por medios mecánicos, bacheo e pavimentación de toda a superficie, previo varrido da mesma, con dobre rega asfáltica e tratamento posterior de selado coas dotacións definidas, para cada tratamento, nos demais documentos de proxecto.

Nos seguintes 117,50 m de lonxitude, o pavimento do camiño atópase en bo estado polo que tan só se considera necesario, neste tramo, a limpeza das marxes, por medios manuais e o varrido da superficie.

A partires do tramo anterior e ata o final do camiño proxéctase a limpeza de marxes e superficie por medios manuais e mecánicos, o reforzo puntual do firme mediante bacheo con pedra e rega asfáltica e a pavimentación de toda a superficie con dobre rega asfáltica e tratamento posterior de selado coas dotacións definidas, para cada tratamento, nos demais documentos de proxecto. Contéplase tamén a necesidade de picado de algunha rocha que aflora nas marxes e incluso na superficie do camiño co fin de regularizar a súa plataforma e

favorecer a circulación polo mesmo, asimesmo tamén se contempla a execución de dous badéns transversais de formigón armado para o que será preciso levar a cabo corte e demolición do pavimento existente, preparación da superficie para a execución de soleira de formigón armado, con forma triangular suave que permita o paso de vehículos e persoas, e, ó mesmo tempo, derive as augas de escorrega que baixen polo camiño a punto de drenaxe.

### 3.3.- CAMIÑO DE PARDELLAS A LAMASGALÁN

A actuación prevista neste camiño céntrase nun tramo duns 540 metros de lonxitude no lugar de Pardellas onde o pavimento existente, executado con produtos asfálticos, presenta un deterioro superficial consecuencia das cargas que soporta, o envellecemento do pavimento e a acción dos axentes meteorolóxicos; presenta, á altura dunha das interseccións existentes, un deterioro importante do firme formulándose un reforzo da zona. O ancho medio desta vía establécese nuns 4,80 m prevéndose actuar nun sobreancho á altura de dúas interseccións existentes.

As coordenadas dos puntos inicial e final do tramo de actuación son as seguintes:

Datum: WGS84	COORDENADAS PTO INICIAL	x: 559.140,07	y: 4.721.528,46
Huso: 29	COORDENADAS PTO FINAL	x: 558.766,38	y: 4.721.278,30

A continuación móstranse imaxes do estado actual do tramo de actuación:



INICIO DO TRAMO DE ACTUACIÓN



VISTA XERAL CARA O PUNTO DE INICIO DA ACTUACIÓN PROXECTADA. SOBREANCHO 1ª INTERSECCIÓN





VISTA DA ZONA MÁIS DETERIORADA DO TRAMO DE ACTUACIÓN. SOBREANCHO 2ª INTERSECCION



DETALLE DO ESTADO DO FIRME

### **3.3.1.- ACTUACIÓN PROXECTADAS**

No tramo de actuación identificado neste apartado levaranse a cabo, en primeiro lugar, actuacións de limpeza de foxos e marxes da vía, onde non haxa foxo; nas zonas edificadas ou onde o pavimento se achegue a muros de edificacións ou peche a limpeza efectuarase por medios manuais. En segundo lugar levarase a cabo un reforzo de firme na zona máis deteriorada do tramo, sinalada nas imaxes anteriores, executando unha escavación en caixa, estendido e compactado de base de firme de pedra 32/63 mm e aplicación de tratamento semiprofundo bituminoso; nas zonas do tramo onde existan fochas ou irregularidades superficiais levarase a cabo unha regularización con aglomerado en quente. Finalmente, pavimentarase todo tramo, unha vez varrida e limpa a superficie, con 5 cm de mestura bituminosa en quente AC16-surf-D (antiga D-12) previa aplicación da correspondente rega de adherencia.

### **3.4.- XESTIÓN DE RESIDUOS**

Os produtos resultantes da limpeza de camiños, apertura de caixa e escavacións serán transportados a lugar de xestión dos mesmos.

No presuposto da obra contéplanse as unidades correspondentes a xestión de residuos.

### **3.5.- SEGURIDADE E SAÚDE**

Inclúese, no orzamento de execución material da obra, un capítulo destinado a seguridade e saúde nas obras de construción de 349,45 €.

## **4.- PERMISOS E LICENCIAS**

Disporase de tódolos permisos e licencias necesarios para a execución das obras, de acordo coa lexislación que sexa de aplicación neste caso.

## **5.- PREZOS**

Nos prezos unitarios entenderanse incluídos os medios auxiliares, ferramentas e dispositivos necesarios para a completa terminación da obra.

As unidades de obra deben estar totalmente rematadas aínda que algúns elementos non aparezan taxativamente determinados nos cadros de Prezos e Presupostos.

Os cálculos dos prezos das distintas unidades de obra realízanse considerando custos directos e indirectos necesarios para a súa execución.

Os prezos designados en letra no apartado de cadro de Prezos, coa rebaixa que resulte na subasta ou concurso, son os que serven de base ao contrato, e o contratista non poderá reclamar que se introduza modificación ningunha neles baixo ningún pretexto de erro ou omisión.

## **6.- PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA**

O prazo de execución previsto para esta obra é de CINCO SEMANAS (5 semanas).

## **7.- ORZAMENTO**

O orzamento de execución material das obras descritas nos apartados anteriores ascende á cantidade de SESENTA E SEIS MIL TRESCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (66.336,13 €). Se a esta cantidade se lle engaden as porcentaxes de gastos xenerais (13%) e beneficio industrial (6%) obtense o orzamento de execución por contrata, sen IVE, de SETENTA E OITO MIL NOVECENTOS CORENTA EUROS (78.940,00 €), ascendendo o IVE correspondente a dezaseis mil cincocentos setenta e sete euros con corenta céntimos (16.577,40 €) e resultando un orzamento total de execución por contrata da obra de NOVENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS DEZASETE EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (95.517,40 €).

## **8.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA**

Tendo en conta o Orzamento de Execución por Contrata da Obra e de acordo co Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (RDL 3/2011), non é necesaria clasificación do contratista.

## **9.- CÓDIGO CPV**

En aplicación do Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV, pódesele asignar ao proxecto de pavimentación e mellora de vías municipais en Pardellas, Murada e A Umia (Forcarei), o seguinte código CPV:

**45233140-2 .- Obras vias**

## 10.- DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

O Concello de Forcarei, promotor das obras de referencia, é o organismo competente para acreditar a existencia de dispoñibilidade dos terrenos para a normal execución dos traballos proxectados facéndose constar esta dispoñibilidade, no seu caso, na acta de replanteo previo do proxecto.

## 11.- PARTES DO PRESENTE DOCUMENTO

As partes ou capítulos nos que se divide o presente proxecto son:

### DOCUMENTO Nº1: MEMORIA E ANEXOS

MEMORIA

ANEXOS

PLAN DE OBRA

ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS

ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

AVALIACIÓN AMBIENTAL

### DOCUMENTO Nº 2: PLANOS

### DOCUMENTO Nº 3: PREGO DE CONDICIÓNS

### DOCUMENTO Nº 4: MEDICIÓNS E ORZAMENTO

MEDICIÓNS

CADRO DE PREZOS Nº 1

CADRO DE PREZOS Nº 2

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA

## 12.- CONCLUSIÓNS

Con este documento defínense e valóranse as obras de pavimentación e mellora de vías municipais en Pardellas, Murada e A Umia, en Forcarei (Pontevedra) e sométese á aprobación da Administración competente.

Rodeiro, febreiro de 2016



Asdo. Leticia Diéguez Alonso

Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos. Cxdo nº 22.623

# ANEXOS



# **ANEXO I: PLAN DE OBRA**



**PLAN DE OBRA**

**OBRA: "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN PARDELLAS, MURADA E A UMIA"**

	SEMANA 1				SEMANA 2				SEMANA 3				SEMANA 4				SEMANA 5			
<b>ESTRADA A UMIA - CEMITERIO MEAVÍA</b>																				
<b>CAMIÑO DE MURADA</b>																				
<b>CAMIÑO DE PARDELLAS - LAMASGALÁN</b>																				
<b>XESTIÓN DE RESIDUOS</b>																				
<b>SEGURIDADE E SAÚDE</b>																				

Rodeiro, febreiro de 2016



O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

Leticia Diéguez Alonso. Cxdo 22.623

**ANEXO II: ESTUDIO BÁSICO DE  
SEGURIDADE E SAÚDE**



**ÍNDICE**

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	REDACTOR DO ESTUDO BÁSICO.....	3
3	OBRA.....	3
4	PETICIONARIO.....	4
5	PROXECTISTA.....	4
6	COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A REDACCIÓN DO PROXECTO DA OBRA.....	4
7	ACTIVIDADES A DESENVOLVER DURANTE O PROCESO CONSTRUTIVO.....	4
8	IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS LABORAIS.....	4
8.1	DEFINICIÓN, RISCOS MÁIS FRECUENTES E EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA CADA ACTIVIDADE, DE ACORDO ÁS SEÑALADAS NO APARTADO 7:	
	4	
8.1.1	Limpeza de foxos.....	4
8.1.2	Limpeza da superficie do pavimento.....	6
8.1.3	Apertura de caixa e escavacións.....	7
8.1.4	Obras de drenaxe.....	8
8.1.5	Reforzos de firme.....	9
8.1.6	Pavimentacións.....	10
8.2	EQUIPOS DE PROTECCIÓN COLECTIVA E MEDIDAS PREVENTIVAS.....	12
8.2.1	Sinalización de seguridade.....	12
8.2.2	Fita de sinalización.....	12
8.2.3	Fita de delimitación de zona de traballo.....	12
8.2.4	Sinais óptico-acústicas de vehículos de obra.....	12
8.2.5	Iluminación.....	12
8.2.6	Protección contra caídas de obxectos.....	13
8.2.7	Protección contra caídas de altura de persoas e obxectos.....	13
8.3	MAQUINARIA, RISCOS DERIVADOS DA SÚA UTILIZACION E MEDIDAS PREVENTIVAS.....	16
8.3.1	Riscos derivados da súa utilización.....	16
8.3.2	Medidas preventivas.....	16
9	CONDICIÓN DO CENTRO DE TRABALLO.....	18
9.1	Instalacións de personal.....	18
10	PREVISIÓN E INFORMACIÓN ÚTIL.....	19
10.1	Normas de seguridade e saúde aplicables ás obras.....	19
10.2	Plan de seguridade e saúde no traballo.....	23
10.3	Construtor/es e Coordinador en Materia de Seguridade e Saúde durante a Execución da Obra.....	23



10.4	Obligacións do Coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra:.....	24
10.5	Obligacións da dirección facultativa .....	24
10.6	Principios xerais aplicables durante a execución da obra .....	25
10.7	Obligacións e responsabilidades de contratistas e subcontratistas.....	25
10.8	Obligacións dos traballadores.....	26
10.9	Dereitos dos traballadores .....	27
10.10	Libro de incidencias.....	27
10.11	Paralización dos traballos .....	28
10.12	Apertura do centro de traballo.....	28

## 1 INTRODUCCIÓN

O presente Estudo de Seguridade ten carácter básico e redáctase co contido que sinala o artigo 6 do R.D. 1627/1997 do 24 de Outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Non existe a obrigatoriedade de elaboración dun Estudo de Seguridade e Saúde completo, por non se dar ningún dos supostos contemplados no apartado 1 do artº 4 do R.D. 1627/1997.

## 2 REDACTOR DO ESTUDO BÁSICO

O presente estudo básico foi realizado por Leticia Diéguez Alonso, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, colexiado nº 22.623.

## 3 OBRA

- Formúlase a realización de actuacións para a pavimentación e mellora de vías municipais en Pardellas, Murada e A Umia.
- As actuacións proxectadas consisten na realización limpeza de marxes e foxos, limpeza da superficie do pavimento, picado puntual de rochas para a regularizaicón da superficie do camiño, apertura de caixa para reforzo de firme, base de firme granular, tratamento semiprofundo bituminoso, bacheos e/ou regularizacións así como execución, no lugar de Murada, de dous badéns transversais en formigón armado para a derivación de augas de escorrega superficial. Por último, levaranse a cabo as pavimentacións especificadas para cada caso mediante mestura bituminosa en quente, previa aplicación de rega de adherencia, ou dobre rega asfáltica con tratamento posterior de selado. Para executar a obra levaranse a cabo os traballos descritos na memoria deste proxecto.
- Todos os materiais compoñentes da obra son coñecidos e non supoñen ningún risco adicional tanto pola súa composición coma polas súas dimensións.
- O presuposto de execución por contrata da obra ascende á cantidade de NOVENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS DEZASETE EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (95.517,40 €)
- A duración prevista das obras é de CINCO SEMANAS (5 semanas). O número máximo estimado de traballadores, alcanzará a cifra de 5.
- As fases de execución de obra contempladas, en canto a avaliación de riscos, serán as seguintes: LIMPEZA DE FOXOS, LIMPEZA DA SUPERFICIE DO PAVIMENTO, APERTURA DE CAIXA E ESCAVACIÓNS, OBRAS DE DRENAXE (execución de badéns), REFORZOS DE FIRME (base de firme granular, tratamento semiprofundo bituminoso, bacheo, regularización con mestura bituminosa en quente) E PAVIMENTACIÓNS (mestura bituminosa en quente previa aplicación de rega de adherencia, dobre rega asfáltica con tratamento posterior de selado).
- Os centros de saúde máis próximos encóntranse na zona urbana de FORCAREI e SOUTELO DE MONTES.

## **4 PETICIONARIO**

O peticionario deste proxecto é o Concello de FORCAREI.

## **5 PROXECTISTA**

A documentación para a realización da obra foi redactada por Leticia Diéguez Alonso, enxeñeiro de camiños, canais e portos, colexiado nº 22.623.

## **6 COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A REDACCIÓN DO PROXECTO DA OBRA**

O proxecto de execución foi redactado por un só proxectista, de acordo á definición contida no Art ° 2 do R.D. 1627/97 e non se designou coordinador en materia de Seguridade e Saúde durante a redacción do proxecto de obra.

## **7 ACTIVIDADES A DESENVOLVER DURANTE O PROCESO CONSTRUTIVO**

- LIMPEZA DE FOXOS,
- LIMPEZA DA SUPERFICIE DO PAVIMENTO,
- APERTURA DE CAIXA E ESCAVACIÓNS
- OBRAS DE DRENAXE (badéns transversais),
- REFORZOS DE FIRME (base granular de firme e tratamento semiprofundo bituminoso, bacheo, regularización con mestura bituminosa en quente)
- PAVIMENTACIÓNS (mestura bituminosa en quente previa aplicación de rega de adherencia e dobre rega asfáltica con tratamento posterior de selado).

## **8 IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS LABORAIS**

### **8.1 DEFINICIÓN, RISCOS MÁIS FRECUENTES E EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA CADA ACTIVIDADE, DE ACORDO ÁS SEÑALADAS NO APARTADO 7:**

#### **8.1.1 Limpeza de foxos**

##### 1) Definición

Limpeza de foxos con motoniveladora e/ou escavación de cunetas con retroescavadora, inclúe perfilado de rasantes e refino de taludes, calquera que sexa a súa profundidade, así como limpeza de marxes onde non haxa foxo. Os materiais residuais trasladaranse a vertedoiro.

## 2) Riscos máis frecuentes

Caídas ao mesmo nivel  
Caídas a distinto nivel ao subir e baixar da maquinaria  
Caída imprevista de materiais transportados  
Atrapamento  
Esmagamento  
Ambiente con po  
Trauma sonoro  
Lumbalxia por sobreesforzo  
Lesións en mans e pés  
Feridas en pés con obxectos punzantes  
Contacto eléctrico directo con liñas eléctricas en tensión.  
Contacto eléctrico indirecto coas masas da maquinaria eléctrica.  
Alcance por maquinaria en movemento  
Corpos estraños en ollos e proxección de partículas  
Golpes con obxectos e máquinas  
Distorsión do fluxo habitual

## 3) Equipos de protección individual

Casco de seguridade homologado.  
Cinto antivibratorio de protección lumbar.  
Protectores auditivos.  
Equipos de protección das vías respiratorias con filtro mecánico. (celulosa)  
Luvas comúns de traballo de lona e pel flor, tipo "americano" contra riscos de orixe mecánica.  
Lentes de seguridade con montura tipo universal.  
Botas de seguridade contra riscos de orixe mecánica.  
Botas de seguridade impermeables á auga e á humidade.  
Traxe de auga.  
Roupa de traballo cubrindo a totalidade de corpo e que como norma xeral cumprirá os requisitos mínimos seguintes: Será de tecido lixeiro e flexible, que permita unha doada limpeza e desinfección. Axustarase ben ao corpo sen prexuízo da súa comodidade e facilidade de movementos. Eliminarase en todo o posible, os elementos adicionais como cordóns, botóns, partes voltas cara a arriba, o fin de evitar que se acumule a sucidade e o perigo de enganches.  
Chaleco reflectante

## 8.1.2 Limpeza da superficie do pavimento

### 1) Definición

Limpeza da superficie do pavimento existente, por medios mecánicos, mediante cepillo de aramio ou por medios manuais onde non sexa posible efectuar unha correcta limpeza de xeito mecánico.

### 2) Riscos máis frecuentes

Caídas ao mesmo nivel

Caídas a distinto nivel ao subir e baixar da maquinaria

Atrapamento

Esmagamento

Ambiente con po.

Trauma sonoro

Lumbalxia por sobreesforzo

Lesións en mans e pés

Cortes por obxectos ou ferramentas

Feridas en pés con obxectos punzantes

Alcance por maquinaria en movemento

Corpos estraño en ollos e proxección de partículas

Golpes con obxectos e máquinas

### 3) Equipos de protección individual

Casco de seguridade homologado.

Cinto antivibratorio de protección lumbar.

Protectores auditivos.

Equipos de protección das vías respiratorias con filtro mecánico. (celulosa)

Luvas comúns de traballo de lona e pel flor, tipo "americano" contra riscos de orixe mecánica.

Lentes de seguridade con montura tipo universal.

Botas de seguridade contra riscos de orixe mecánica.

Botas de seguridade impermeables á auga e á humidade.

Traxe de auga.

Roupa de traballo cubrindo a totalidade de corpo e que como norma xeral cumprirá os requisitos mínimos seguintes: Será de tecido lixeiro e flexible, que permita unha doada limpeza e desinfección. Axustarase ben ao corpo sen prexuízo da súa comodidade e facilidade de movementos. Eliminarase en todo o posible, os elementos adicionais

como cordóns, botóns, partes voltas cara a arriba, o fin de evitar que se acumule a sucidade e o perigo de enganches.

Chaleco reflectante

### **8.1.3 Apertura de caixa e escavacións**

#### 1) Definición

Escavacións mediante retroescavadora en apertura de caixa para posterior construción de firme e/ou apertura de gabias para canalizacións, inclúese tamén escavación en rocha con medios mecánicos adecuados.

#### 2) Riscos máis frecuentes

Caídas ao mesmo nivel

Caídas a distinto nivel ao subir e baixar da maquinaria

Caída imprevista de materiais transportados

Atrapamiento

Esmagamento

Ambiente con po.

Trauma sonoro

Lumbalxia por sobreesforzo

Exposición a vibracións

Lesións en mans e pés

Feridas en pés con obxectos punzantes

Alcance por maquinaria en movemento

Corpos estraño en ollos e proxección de partículas ou salpicaduras

Golpes con obxectos e máquinas

Distorsión de fluxos habituais

Xiro, choque e falsas manobras da maquinaria

#### 3) Equipos de protección individual

Casco de seguridade homologado.

Cinto antivibratorio de protección lumbar.

Protectores auditivos.

Equipos de protección das vías respiratorias con filtro mecánico. (celulosa)

Luvias comúns de traballo de lona e pel flor, tipo "americano" contra riscos de orixe mecánica.

Lentes de seguridade con montura tipo universal.

Botas de seguridade contra riscos de orixe mecánica.

Botas de seguridade impermeables á auga e á humidade.

Traxe de auga.

Roupa de traballo cubrindo a totalidade de corpo e que como norma xeral cumprirá os requisitos mínimos seguintes: Será de tecido lixeiro e flexible, que permita unha doada limpeza e desinfección. Axustarase ben ao corpo sen prexuízo da súa comodidade e facilidade de movementos. Eliminarase en todo o posible, os elementos adicionais como cordóns, botóns, partes voltas cara a arriba, o fin de evitar que se acumule a sucidade e o perigo de enganches.

Chaleco reflectante

#### **8.1.4 Obras de drenaxe**

##### **8.1.4.1 Badén**

###### 1) Definición

Execución de badén transversal de formigón armado, esta unidade contempla a execución dos seguintes traballos: corte e demolición do pavimento existente con preparación da superficie para a execución de soleira de formigón armado con forma triangular suave que permita o paso de vehículos e persoas e, ó mesmo tempo, derive as augas de escorrega que baixen polo camiño a punto de drenaxe.

###### 2) Riscos máis frecuentes

Caídas ao mesmo nivel

Caídas a distinto nivel ao subir e baixar da maquinaria

Caída imprevista de materiais transportados

Atrapamiento

Esmagamento

Ambiente con po.

Trauma sonoro

Lumbalxia por sobreesforzo

Lesións en mans e pés

Feridas en pés con obxectos punzantes

Alcance por maquinaria en movemento

Corpos estraño en ollos e proxección de partículas

Golpes con obxectos e máquinas

Dermatite por contacto con cemento

Animais e/ou parasitos.

### 3) Equipos de protección individual

Casco de seguridade homologado.

Cinto antivibratorio de protección lumbar.

Protectores auditivos.

Equipos de protección das vías respiratorias con filtro mecánico. (celulosa)

Luvras comúns de traballo de lona e pel flor, tipo "americano" contra riscos de orixe mecánica.

Lentes de seguridade con montura tipo universal.

Botas de seguridade contra riscos de orixe mecánica.

Botas de seguridade impermeables á auga e á humidade.

Traxe de auga.

Roupa de traballo cubrindo a totalidade de corpo e que como norma xeral cumprirá os requisitos mínimos seguintes: Será de tecido lixeiro e flexible, que permita unha doada limpeza e desinfección. Axustarase ben ao corpo sen prexuízo da súa comodidade e facilidade de movementos. Eliminarase en todo o posible, os elementos adicionais como cordóns, botóns, partes voltas cara a arriba, o fin de evitar que se acumule a sucidade e o perigo de enganches.

Chaleco reflectante

#### 8.1.5 Reforzos de firme

##### 1) Definición

- **Base de firme** con pedra 32/63 mm, extendido con motoniveladora e compactado.
- **Tratamento semiprofundo bituminoso** cunha dosificación de 3,5 kg/m<sup>2</sup> de emulsión ECR-2 e saturado con 20l/m<sup>2</sup> de gravilla 12/16 mm.
- **Bacheo** de firme asfáltico a base de 10 cm de pedra 40/70 e unha rega asfáltica con dotación de 2 kg/m<sup>2</sup> de emulsión C65B3 (antiga ECR-2) debidamente saturada e compactada.
- **Regularización con mestura bituminosa en quente:** Regularización con aglomerado en quente tipo AC16-surf-D, incluso parte proporcional de rega de adherencia.

##### 2) Riscos máis frecuentes

Caídas ao mesmo nivel

Caídas a distinto nivel ao subir e baixar da maquinaria

Caída imprevista de materiais transportados



Atrapamiento  
Esmagamento  
Ambiente con po  
Trauma sonoro  
Lumbalxia por sobreesforzo  
Lesións en mans e pés  
Feridas en pés con obxectos punzantes  
Alcance por maquinaria en movemento  
Corpos estraños en ollos e proxección de partículas ou salpicaduras  
Golpes con obxectos e máquinas  
Queimaduras por contacto con ligante bituminoso  
Distorsión de fluxos habituais  
Xiro, choque e falsas manobras da maquinaria.

### 3) Equipos de protección individual

Casco de seguridade homologado.  
Cinto antivibratorio de protección lumbar.  
Protectores auditivos.  
Equipos de protección das vías respiratorias con filtro mecánico. (celulosa)  
Luvas comúns de traballo de lona e pel flor, tipo "americano" contra riscos de orixe mecánica.  
Lentes de seguridade con montura tipo universal.  
Botas de seguridade contra riscos de orixe mecánica.  
Botas de seguridade impermeables á auga e á humidade.  
Traxe de auga.  
Roupa de traballo cubrindo a totalidade de corpo e que como norma xeral cumprirá os requisitos mínimos seguintes: Será de tecido lixeiro e flexible, que permita unha doada limpeza e desinfección. Axustarase ben ao corpo sen prexuízo da súa comodidade e facilidade de movementos. Eliminarase en todo o posible, os elementos adicionais como cordóns, botóns, partes voltas cara a arriba, o fin de evitar que se acumule a sucidade e o perigo de enganches.  
Chaleco reflectante

#### 8.1.6 Pavimentacións

##### 1) Definición

- **Mestura bituminosa en quente:** aglomerado en quente tipo AC16surfD de espesor segundo o disposto na documentación técnica, incluso rega de adherencia.

- **Dobre rega asfáltica:** sobre firme existente, baseada nunha primeira rega con dotación de 2 Kg/m<sup>2</sup> de emulsión C65B3 (antiga ECR-2) saturados con 10 l de grava miúda 8/12 e dunha segunda rega con dotación de 1,5 Kg de emulsión C65B3 (antiga ECR-2) saturados con 5 l de grava miúda 5/8, todo debidamente compactado.
- **Rega de selado:** con unha dotación de 1,5 kg de emulsión C65B3 (antiga ECR-2) saturados con 5 litros de área lavada, todo debidamente compactado.

## 2) Riscos máis frecuentes

Caídas ao mesmo nivel

Caídas a distinto nivel ao subir e baixar da maquinaria

Caída imprevista de materiais transportados

Atrapamiento

Esmagamento

Ambiente con po

Trauma sonoro

Lumbalxia por sobreesforzo

Lesións en mans e pés

Feridas en pés con obxectos punzantes

Alcance por maquinaria en movemento

Corpos estraño en ollos e proxección de partículas ou salpicaduras

Golpes con obxectos e máquinas

Dermatite por contacto con cemento

Queimaduras por contacto coa emulsión

Animais e/ou parasitos

Distorsión de fluxos habituais

Xiro, choque e falsas manobras da maquinaria.

## 3) Equipos de protección individual

Casco de seguridade homologado.

Cinto antivibratorio de protección lumbar.

Protectores auditivos.

Equipos de protección das vías respiratorias con filtro mecánico. (celulosa)

Luvras comúns de traballo de lona e pel flor, tipo "americano" contra riscos de orixe mecánica.

Lentes de seguridade con montura tipo universal.

Botas de seguridade contra riscos de orixe mecánica.

Botas de seguridade impermeables á auga e á humidade.

Traxe de auga.

Roupa de traballo cubrindo a totalidade de corpo e que como norma xeral cumprirá os requisitos mínimos seguintes: Será de tecido lixeiro e flexible, que permita unha doada limpeza e desinfección. Axustarase ben ao corpo sen prexuízo da súa comodidade e facilidade de movementos. Eliminarase en todo o posible, os elementos adicionais como cordóns, botóns, partes voltas cara a arriba, o fin de evitar que se acumule a sucidade e o perigo de enganches.

Chaleco reflectante

## **8.2 EQUIPOS DE PROTECCIÓN COLECTIVA E MEDIDAS PREVENTIVAS**

### **8.2.1 Sinalización de seguridade**

Estarase de acordo ao disposto no R.D. 485/1997 do 14 de abril sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

### **8.2.2 Fita de sinalización**

En caso de sinalizar obstáculos, zonas de caída de obxectos, delimitarase con fitas de tea ou materiais plásticos con franxas alternadas oblicuas en cor amarela e negra, inclinándose 60° coa horizontal.

### **8.2.3 Fita de delimitación de zona de traballo**

A intrusión na obra de persoas alleas á actividade representa un risco que ao non se poder eliminar se debe sinalizar mediante fitas en cor vermella ou con bandas alternadas verticais en cores vermella e branca que delimiten a zona de traballo.

### **8.2.4 Sinais óptico-acústicas de vehículos de obra**

A maquinaria utilizada na obra debe dispoñer de: Unha bucina ou bucina de sinalización acústica.

Sinais sonoros ou luminosos (previsiblemente ambas as dúas á vez) para indicación da manobra de marcha atrás.

Na parte máis alta da cabina dispoñerán dun sinalizador rotativo luminoso destellante de cor ámbar para alertar da súa presenza en circulación viaria.

Dous focos de posición e cruzamento na parte dianteira e dous pilotos luminosos de cor vermella detrás.

Dispositivo de balizamento de posición e presinalización (conos, fitas, mallas, lámpadas destellantes, etc.).

### **8.2.5 Iluminación**

Zonas de paso: 20 lux

Zonas de traballo: 200 300 lux

Os accesorios de iluminación exterior serán estancos á humidade.

Portátiles manuais de iluminación eléctrica: 24 voltios.

Prohibición total de utilizar iluminación de chama.

### **8.2.6 Protección contra caídas de obxectos**

Evitarase o paso de persoa baixo as cargas suspendidas, en todo caso acoutaranse as áreas de traballo.

Os materiais transportaranse de xeito axeitado e cos medios regulamentarios para evitar un desprendemento da carga.

### **8.2.7 Protección contra caídas de altura de persoas e obxectos**

#### **8.2.7.1 Varandas de protección**

Varandas tubulares sobre pés dereitos por finca en terreos ou sobre base de formigón.

#### **8.2.7.2 Pasarelas**

Naquelas zonas que sexa necesario, o paso de peóns sobre as gabias, pequenos desniveis e obstáculos, orixinados, polos traballos realizarase mediante pasarelas. Serán prefabricadas preferiblemente de metal, ou no seu defecto realizadas "in situ", dunha anchura mínima de 1 m, dotada nos seus laterais de varanda de seguridade regulamentaria. A plataforma será capaz de resistir 300 Kg de peso e estará dotada de grilandas de iluminación nocturna, se se encontra afectando á vía pública.

#### **8.2.7.3 Plataformas de traballo**

As plataformas de traballo estarán construídas por un piso unido e terán unha anchura mínima de 60 cm.

Cando esta plataforma de traballo teña unha altura superior a 2 m haberá de estar protexida en todo o seu contorno con varandas ríxidas de 90 cm de altura mínima, barra intermedia e plinto ou rodapés de 15 cm de altura mínima a partir do nivel do chan.

Para acceder ás plataformas, instalaranse medios seguros.

Durante o encofrado de xáceas e vigas as plataformas de madeira tradicionais deberán reunir as seguintes características mínimas: Anchura mínima 60 cm (tres taboleiros de 20 cm de ancho).

A madeira deberá ser de boa calidade sen gretas nin nós. Será elección preferente o abeto sobre o piñeiro.

Escuadría de espesor uniforme sen curvaturas e non inferior a 7 cm de canto (5 cm se se trata de abeto).

Lonxitude máxima entre apoios de taboleiros 2,50 m.

Os elementos de madeira non poden montar entre si formando chanzos nin sobresaír en forma de arestas, da superficie lisa de paso sobre as plataformas.

Non pode voar máis de catro veces o seu propio espesor (máximo 20 cm).

Estarán suxeitos por lías ou sarxentos á estrutura portante.

As zonas perimetrais das plataformas de traballo así como os accesos, pasos e pasarelas ás mesmas, susceptibles de permitir caídas de persoas ou obxectos dende máis de 2 m de altura, estarán protexidas con varandas de 1 m de altura, equipada con listóns intermedios e rodapés de 20 cm de altura, capaces de resistir no seu conxunto un pulo frontal de 150 kg/ml altura mínima a partir do nivel do chan.

A distancia entre o pavimento e plataforma será tal, que evite a caída dos operarios. No caso de que non se poida cubrir o espazo entre a plataforma e o pavimento, haberase de cubrir o nivel inferior, sen que en ningún caso supere unha altura de 1,80 m. Para acceder ás plataformas, instalaranse medios seguros. As escaleiras de man que comuniquen os diferentes pisos da estada haberán de salvar cada unha a altura de dous pisos seguidos. A distancia que han de salvar non superará 1,80 m. Cando se utilicen estadas móbiles sobre rodas, usaranse dispositivos de seguridade que eviten calquera movemento, bloqueando axeitadamente as rodas para evitar a caída de estadas, fixaranse á fachada ou pavimento con suficientes puntos de amarre, que garanta a súa estabilidade. Nunca se amarrará a tubos de gas ou a outro material. Non se sobrecargarán as plataformas máis do previsto no cálculo.

#### **8.2.7.4 Escaleiras portátiles**

As escaleiras que teñan que utilizarse en obra haberán de ser preferentemente de aluminio ou ferro, a non ser posible utilizaranse de madeira, pero cos chanzos ensamblados e non cravados.

Estarán dotadas de zapatas suxeitas na parte superior, e excederán nun metro o punto de apoio superior.

Previamente á súa utilización elixirase o tipo de escaleira, en función á tarefa a que estea destinado.

As escaleiras de man deberán de reunir as necesarias garantías de solidez, estabilidade e seguridade. Non se empregarán escaleiras excesivamente curtas ou longas, nin empalmadas.

Como mínimo deberán reunir as seguintes condicións:

- Longueiros dunha soa peza.

- Chanzos ben ensamblados, non cravados.

- Nas de madeira o elemento protector será transparente.

- As bases dos montantes estarán proveídas de zapatas, puntas de ferro, grampas ou outro mecanismo antideslizante. E de ganchos de suxeición na parte superior.

- Espazo igual entre chanzos e distanciados entre 25 e 35 cm. A súa anchura mínima será de 50 cm.

- Nas metálicas os chanzos estarán ben embrochados ou soldados aos montantes.

- As escaleiras de man nunca se apoiarán sobre materiais soltos, senón sobre superficies planas resistentes.

- Apoiaranse sobre os montantes.

- O ascenso e descenso efectuarase sempre fronte a estas.

- Se a escaleira non pode amarrarse á estrutura, precisarase un operario auxiliar na súa base.

Nas proximidades de liñas eléctricas manteranse as distancias de seguridade. Alta tensión: 5 m. Baixa tensión: 3 m.

As escaleiras de tesoiras estarán proveídas de cadeas ou cables que impidan a súa abertura ao ser utilizadas, así como topes no seu extremo superior. A súa altura máxima non deberá pasar os 5,5 m.

#### **8.2.7.5 Sirgas**

Sirgas de desprazamento e ancoraxe de arnés de seguridade variables segundo os fabricantes e dispositivos de ancoraxe utilizados.

#### **8.2.7.6 Protección contra derrubamentos en escavacións de gabias e pozos. Esteamentos e outras medidas preventivas**

Realizarase o esteamento tal e como vaiamos executando a gabia, co material adecuado de acordo á natureza do terreo.

Non situaremos a menos dun metro do bordo da escavación ningunha provisión de terras ou entullos.

Nas gabias de máis de dous metros de profundidade, colocaranse escaleiras para o seu acceso.

Naquelas zonas da escavación cuxa altura de caída sexa superior a 2,00 metros, deberán protexerse mediante varandas de 90,00 centímetros polo menos de altura, que irán situadas entre 0,80 e 1,00 metros de distancia ao bordo da escavación, dispoñendo de listón intermedio, rodapé e pasamáns.

Os valos estarán dispostos a unha distancia mínima de 2,00 metros. Se o tráfico atravesa a gabia de escavación, esta deberá ser polo menos de 4,00 metros.

Cando sexa de prever o paso de peóns ou vehículos xunto ao bordo da escavación dispoñeranse de valos móbiles que se iluminarán cada 10 metros.

Non se poderá circular con vehículos a unha distancia inferior a 2,00 metros do bordo da escavación.

A provisión de materiais e terras extraídas en cortes de profundidade maior de 1,3 metros dispoñeranse a unha distancia non menor de 2,00 metros do bordo da escavación.

En materiais con tendencia a rodar (tubos, canalizacións, etc.), as provisións serán asegurados mediante topes.

Os anchos de gabia cumprirán os mínimos establecidos para garantir a seguridade.

Entibarase en gabias de máis de 60 cm. de profundidade.

En gabias de profundidade maior de 1,30 metros, sempre que haxa operarios traballando no seu interior, manterase un de vixilancia no exterior, que ademais de axudar no traballo dará a voz de alarma en caso de urxencia.

En cortes de profundidade maior de 1,30 metros, os esteamentos deberán exceder polo menos 20,00 centímetros a cota superior do terreo e 75,00 centímetros no bordo superior de abas.

Antes do inicio dos traballos, inspeccionarase diariamente os esteamentos, tensando codais frouxos, en especial logo da chuvia ou xeadas, así como ao volver de días de descanso.

Antes do inicio dos traballos, inspeccionarase a obra co fin de detectar posibles gretas ou movementos do terreo.

Os elementos do esteamento non poderán utilizarse como medios para trepar, subir ou baixar polas escavacións.

Os elementos do esteamento non poderán utilizarse para apoiar instalacións, conducións ou calquera outro elemento.

Os esteamentos só se quitarán cando deixen de ser necesarias, empezando pola parte inferior do corte.

Manteranse os accesos de circulación interna sen montículos de terra nin buratos.

Como medida preventiva dispoñeranse na obra dunha provisión de pancas, cuñas, barras, puntais, taboleiros, etc. que non se utilizarán e reservaranse para o equipo de salvamento para socorrer en caso de necesidade a operarios accidentados.

O acceso ao fondo da escavación realizarase mediante escaleira sólida, dotada con varanda.

Se o fondo da escavación ten máis de 7,00 metros, deberá dispoñerse de mesetas intermedias de descanso. A escaleira pasará sempre en 1 metro o nivel superior de desembarco.

Sinalarase acusticamente a maquinaria en movemento.

Colocarase as pasarelas de tránsito con varandas cando se teñan que cruzar gabias de escavación.

En xeral manterase a limpeza e orde na obra.

### **8.3 MAQUINARIA, RISCOS DERIVADOS DA SÚA UTILIZACION E MEDIDAS PREVENTIVAS**

Utilizarase maquinaria de escavación, transporte de distintos materiais, compactación e estendido de pavimentos.

#### **8.3.1 Riscos derivados da súa utilización**

Atropelos

Choques con vehículos-maquinaria

Atrapamento por/entre obxectos

Ruídos

Envorcaduras

Esmagamento

#### **8.3.2 Medidas preventivas**

Para evitar o esmagamento por envorcadura, as máquinas deberán ir provistas de cabina de seguridade para a protección do condutor. Ademais, esta protexe o condutor da presenza de po, vibracións, ruídos e climatoloxía adversa, evitando que diminúa o grao de concentración, resistencia física, capacidade de reacción, etc. Antes de comezar o traballo débese inspeccionar a zona, non debendo de traballar as máquinas en pendentes maiores as que aconsella o fabricante.

Para evitar atropelos, as máquinas irán provistas de espellos para manobras, bucina e iluminación idónea. Comprobarase que ningunha persoa se encontre nas proximidades da máquina, tendo coidado os traballadores de respectar as distancias de seguridade pertinentes (como mínimo cinco metros).

Para evitar atrapamentos, todos os resgardos e tapas de seguridade deberán estar colocados e non se debe realizar ningún traballo na máquina estando esta en marcha. Así mesmo, prohibese o transporte de persoal na maquinaria. Cando as máquinas circulen por unha vía pública, deberán cumprir as normas de circulación vixentes. En canto aos efectos dos ruídos que producen, cada máquina deberá ir proveída dos silenciosos necesarios para non superar o nivel de decibelios autorizado. Para evitar accidentes no persoal operativo, deberanse levar a cabo as seguintes inspeccións:

- Inspección de freos
  - o Control do contido de líquido de freos cada certo número de horas segundo indicacións do fabricante.
  - o Limpeza do depósito do líquido de freos, comprobando que o tapón pecha herméticamente.
  - o Control do sistema de freado (bomba, unións, etc.).
- Inspección de pneumáticos e eirugas.
  - o Comprobación diaria da presión de inchado de pneumáticos e presenza de abladuras.
  - o Eirugas tensadas segundo indicación do fabricante.
  - o Os elos e puntos de unión das eirugas estarán libres de pedras e outros elementos alleos a estas.
  - o Control do desgaste dos elos e dos rolos.
- Inspeccións do motor.
  - o Emprego de lubricante indicado polo fabricante.
  - o Control do sistema de refrixeración.

Nas operacións de cambio de aceite, engrenaxes, etc., a execución leva consigo o risco de caída de fluídos, facendo as superficies escorregadizas, co conseguinte risco de caídas, etc., de sorte que a maquinaria deberá estar dotada dos seguintes elementos:

- o Tapóns de seguridade
- o Superficies antideslizantes
- o Barras de seguridade

Máquinas eléctricas:

Toda máquina eléctrica a utilizar deberá ser de dobre illamento ou dotada de sistema de protección contra contactos eléctricos indirectos, constituído por toma de terra combinada con disxuntores diferenciais.



## 9 CONDICIÓNS DO CENTRO DE TRABALLO.

### 9.1 Instalacións de personal

#### 1) Vestiaros:

Lugar reservado unicamente ao cambio de atavío, situado o máis preto posible do acceso á obra e próximo ao comedor e servizos. O chan e paredes debe ser impermeables, pintado preferiblemente en tons claros. Luminoso, caldeado na estación fría e ventilado. Debe estar equipado con armario vestuario dotado de chave para cada traballador, banco ou cadeiras, espello, vasoira, recolledor e cubo de lixos con tapa hermética.

#### 2) Lavabo:

Local pechado e cuberto, comunicado co vestuario. Iluminado, ventilado e caldeado na estación fría. O chan e as paredes serán de materiais impermeables doados de limpar, para tal efecto o chan dispoñerá de desaugadoiro con sifón. Debe estar equipado con piletas, cunha chave cada 10 persoas, produtos para a hixiene persoal e medios para secarse. A evacuación de augas usadas realizarase sobre rede xeral, foxa séptica ou punto de drenaxe.

#### 3) Cabinas de evacuación:

<b>17 06</b>	<b>Materiais de illamento e materiais de construción que conteñen amianto</b>		
17 06 01*	Materiais de illamento que conteñen amianto		
17 06 03*	Outros materiais de illamento que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas		
17 06 04	Materiais de illamento distintos dos especificados nos códigos 17 06 01 e 17 06 03		
17 06 05*	Materiais de construción que conteñen amianto		
<b>17 08</b>	<b>Materiais de construción a base de xeso</b>		
17 08 01*	Materiais de construción a base de xeso contaminados con substancias perigosas		
17 08 02	Materiais de construción a base de xeso distintos dos especificados no código 17 08 01		
<b>17 09</b>	<b>Outros residuos de construción e demolición</b>		
17 09 01*	Residuos de construción e demolición que conteñen mercurio		
17 09 02*	Residuos de construción e demolición que conteñen PCB		
17 09 03*	Outros residuos de construción e demolición (incluídos os residuos mesturados) que conteñen substancias perigosas		
X 17 09 04	Residuos mesturados de construción e demolición distintos dos especificados nos códigos 17 09 01, 17 09 02 y 17 09 03	2,01	4,02

[\*] considéranse residuos perigosos

Producción total de residuos en obra = 0,01 m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup> (127,27 m<sup>3</sup>)

## 1.2.- Medidas de prevención de residuos na obra.

As alternativas de acción para a mellora da xestión ambiental dos residuos son diversas. Os axentes que interveñen no proceso deben desenvolver a súa actividade poñendo atención a reducir as materias primas necesarias e os residuos orixinados, perseguindo estes obxectivos e nesta orde:

- Minimizar no posible o uso de materias.
- Reducir residuos.
- Reutilizar materiais.
- Reciclar residuos.
- Recuperar enerxía dos residuos.
- Enviar a cantidade mínima de residuos ao vertedoiro.

### Minimizar os recursos necesarios para a execución dos traballos

A minimización dos recursos empeza pola incorporación desta esixencia dende o proxecto mesmo. Os coñecementos e a experiencia de todos os que interveñen no proxecto deben dirixirse cara á busca de solucións enxeñosas de maneira que se reduzan os recursos necesarios para a súa execución.

As alternativas que poden formularse son diversas:

- O deseño de seccións mecanicamente máis eficaces.
- A utilización de placas máis delgadas e lixeiras.
- A diminución da cantidade de medios auxiliares.

### Reducir a cantidade de residuos

É evidente que, se diminuímos a produción de residuos, os volumes de que debemos desfacer nos serán menores, e tamén o serán os problemas derivados da súa xestión. En canto aos residuos que se orixinan no proceso, débese prestar maior atención ás condicións de almacenamento e manipulación dos materiais de construción. En efecto, hai que mellorar esas condicións para que non se danen as materias primas e os produtos e se convertan en residuos mesmo antes de ser utilizadas. Neste sentido, é conveniente conservar os materiais protexidos polas súas embalaxes tanto tempo como sexa posible e optimizar o sistema de almacenamento. Deste modo optimizarase tamén a súa utilización e reduciremos a cantidade de residuos.

### Reutilizar os residuos

Hai materiais e elementos de construción que son reutilizables sen ser sometidos a ningún proceso de transformación. Tamén, no proceso de execución de obra, xéranse residuos reutilizables. En efecto, os medios auxiliares poden reutilizarse varias veces na propia obra, mesmo en varias obras.

Tamén as embalaxes poden reutilizarse. Sobre todo os formados por grandes colectores que almacenan materiais amorfos, que son recargables tantas veces como sexa necesario e reutilizables en moitas outras obras.

No caso dos derrubamentos, tamén podemos reutilizar certos elementos do edificio, como varandas, mobiliario, etc.

### Reciclar os residuos

Os materiais de derrubamento, os entullos e demais materiais sobrantes do proceso de construción son residuos que conteñen fraccións valorizables susceptibles de ser transformadas e utilizadas novamente. O caso máis coñecido é o da ferralla metálica, que se utiliza como materia prima para os produtos metálicos e que reporta un significativo aforro de enerxía e outros recursos minerais na fabricación destes.

Así mesmo, os residuos pétreos tamén poden ser reciclados como granulados para recheos, formigóns etc.

### Recuperar a enerxía almacenada nos residuos

As fraccións dos residuos de construción que non poden ser recicladas teñen unha última alternativa antes de ir ao vertedoiro: a posibilidade de recuperar a enerxía almacenada.

Aínda que é unha alternativa utilizada comunmente para os residuos domésticos, os residuos de construción e demolición son inertes e non arden doadamente, de maneira que esta alternativa se reduce a uns poucos materiais: plásticos, madeiras e cartóns. Non obstante, debemos asegurarnos de que a combustión que dará orixe a esa enerxía non transmita emisións tóxicas ou contaminantes ao aire.

Enviar a mínima cantidade de residuos ao vertedoiro.

Finalmente, e despois de optimizar as posibilidades das alternativas descritas de maneira que reducísemos significativamente os residuos sobrantes, estes deben ser depositados nun vertedoiro autorizado. Se as características destes residuos os fan perigosos, han de ser depositados en vertedoiros de residuos especiais.

### 1.3.- Operacións de reutilización, valorización ou eliminación a que se destinarán os residuos producidos en obra.

#### 1.3.1.- Previsión de operacións de reutilización na mesma obra ou en localizacións externas (neste caso identificarase o destino previsto)

Márcanse as operacións previstas e o destino previsto inicialmente para os materiais (propia obra ou externo)

	OPERACIÓN PREVISTA	DESTINO INICIAL
<b>X</b>	Non hai previsión de reutilización na mesma obra ou en localizacións externas, simplemente serán transportados a vertedoiro autorizado	
	Reutilización de terras procedentes da escavación	
	Reutilización de residuos minerais ou pétreos en áridos reciclados ou en urbanización	
	Reutilización de materiais cerámicos	
	Reutilización de materiais non pétreos: madeira, vidro...	
	Reutilización de materiais metálicos	
	Outros (indicar): Reutilización do material procedente da escavación que sexa apto para tal fin, en recheos para nivelación do camino. O resto do material será trasladado a vertedoiro ou lugar de reutilización aprobado.	

#### 1.3.2.- Previsión de operacións de valorización "in situ" dos residuos xerados.

Márcanse as operacións previstas e o destino previsto inicialmente para os materiais (propia obra ou externo)

	OPERACIÓN PREVISTA
<b>X</b>	Non hai previsión de valorización na mesma obra ou en localizacións externas, simplemente serán transportados a vertedoiro autorizado
	Utilización principal como combustible ou como outro medio de xerar enerxía
	Recuperación ou rexeneración de disolventes
	Reciclado ou recuperación de substancias orgánicas que utilizan non disolventes
	Reciclado ou recuperación de metais ou compostos metálicos
	Reciclado ou recuperación doutras materias orgánicas
	Rexeneración de ácidos e bases
	Tratamento de chans, para unha mellora ecolóxica destes
	Acumulación de residuos para o seu tratamento segundo o Anexo II.B da Comisión 96/350/CE
	Outros (indicar):

#### 1.3.3.- Destino previsto para os residuos non reutilizables nin valorizables "in situ".

As empresas de Xestión e tratamento de residuos estarán en todo caso autorizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión de residuos non perigosos.

No presente proxecto estímase que as terras e pedras procedentes da limpeza de foxos, marxes e superficie dos camiños e da escavación así como os produtos procedentes da demolición do pavimento serán os únicos residuos producidos na obra

que non se poidan reutilizar, nin valorizar en obra, polo que cando se retiren serán transportados a vertedoiro autorizado ou lugar de reutilización, fóra da obra, previamente aprobado.

#### **1.4.- Medidas para a separación de residuos en obra.**

---

Sobre a base do artigo 5.5 do RD 105/2008, os residuos de construción e demolición deberán separarse en fraccións, cando, de forma individualizada para cada unha das devanditas fraccións, a cantidade prevista de xeración para o total da obra supere as seguintes cantidades:

Formigón	160,00 T
Ladrillos, tellas, cerámicos	80,00 T
Metals	4,00 T
Madeira	2,00 T
Vidro	2,00 T
Plásticos	1,00 T
Papel e cartón	1,00 T

#### **1.5.- Valoración do custo previsto para a correcta xestión dos RCDs**

---

Destínase unha partida presupuestaria para xestión daqueles residuos cuxo coste non se inclúe proporcionalmente na unidade de execución correspondente, que ascende a catrocentos un euros con dezaseis céntimos (401,16 €).

Rodeiro, febreiro 2016

A Propiedade



O Proxectista

**ANEXO V: ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN  
DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA  
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**



# 1 ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Cumplimento do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

## URBANIZACIÓN E REDES VIARIAS

CONCEPTO	PARÁMETRO	MEDIDAS SEGUNDO DECRETO		PROXECTO
		ADAPTADO	PRACTICABLE	
ITINERARIOS PEATONAIS Base 1.1.1	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLANEAMENTO INTEGRAL	ANCHO LIBRE 1.80m (Con obstáculos puntuais 1.50m.)	ANCHO LIBRE 1.50m (Con obstáculos puntuais 1.20m.)	
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 0,90m	ANCHO LIBRE 0,90m	
	PENDIENTE MÁX. LONXITUDINAL	10%	12%	
	ALTURA MÍNIMA LIBRE DE OBSTÁCULOS	2,20m	2,10m	
ITINERARIOS MIXTOS Base 1.1.2	ANCHO MÍNIMO LIBRE DE OBSTÁCULOS	<b>3,00m (Con obstáculos 2,50m)</b>	2,50m (Con obstáculos 2,20m)	cumple
	PENDIENTE MÁX. LONXITUDINAL	<b>8%</b>	10%	(1)
	ALTURA MÍNIMA LIBRE DE OBSTÁCULOS	<b>3,00m</b>	2,20m	cumple
PASOS PEATONAIX PERPENDICULARES SENTIDO ITINERARIO Base 1.1.3 A	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLANEAMENTO	ANCHO LIBRE 1,80m	ANCHO LIBRE 1,50m	
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 1,50m	ANCHO LIBRE 1,20m	
	PENDIENTE MÁX	12%	14%	
	ANCHO LIBRE MÍNIMO ACERAS	0,90m	0,90m	
PASOS PEATONALES SENTIDO DE ITINERARIO Base 1.1.3B	LONXITUD MÍNIMA ANCHO MÍNIMO	1,50m 0,90m LIBRE MÁIS O ANCHO DO BORDO	1,20m 0,90 m LIBRE MÁIS O ANCHO DO BORDO	
PASO DE VEHICULOS SOBRE ACERAS Base 1.1.4	PERPENDICULAR A CALZADA	MÍNIMO 0,60m	MÍNIMO 0,60m	
	PASO LIBRE DE OBSTÁCULOS	MÍNIMO 0,90m	MÍNIMO 0,90m	
PASOS DE PEATONES Base 1.1.5	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLANEAMENTO	ANCHO LIBRE 1,80m	ANCHO LIBRE 1,50m	
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 1,50m	ANCHO LIBRE 1,20m	
Pendiente transversal máxima en itinerarios peatonais e mixtos do 2%. Resalte máximo entre pasos e calzada de 2 cm.				
APARCAMENTOS Base 1.3	DIMENSION MÍNIMA EN FILA	2,00-2,20 x 5,00m	2,00-2,20 x 5,00m	
	ESPAZO LIBRE LATERAL	1,50m	1,50m	
	DIMENSION MÍNIMA TOTAL	3,50 x 5,00m	3,00 x 4,50m	
ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN Base 1.2	PAVIMENTOS, DUROS E ANTIESVARANTES	RESALTE MÁX. 2cm.	RESALTE MÁX. 3cm.	
	BORDOS, CANTO REDONDEADO	ALTURA MÁX 0,14m	ALTURA MÁX 0,16m	
	REIXAS	EN CUADRÍCULA , OCOS MENORES DE 2 cm REIXAS DE BARRAS LONXITUDINAIS PERPENDICULARES AO SENTIDO PRINCIPAL DA MARCHA		
SINAIS E ELEMENTOS VERTICAIS Base 1.4.1	ALTURA MÍNIMA LIBRE	IGUAL OU MAIOR DE 2,20m	IGUAL OU MAIOR DE 2,10m	
	ALTURA PULSADORES E MECANISMOS	ENTRE 1,20 E 0,90m	ENTRE 1,30 E 0,80m	
	SITUACIÓN: PASO LIBRE EN BEIRARRÚAS	0,90m, 1,50m EN ÁREAS DESENV. POR PLANEAMIENTO		
	ALTURA PULSADORES E MECANISMOS	ENTRE 1,20-0,90m	ENTRE 1,30-0,80m	
OUTROS ELEMENTOS art.-11 Base 1.4.2	SITUACIÓN: PASO LIBRE EN BEIRARRÚAS	0,90m, 1,50m EN ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLANEAMIENTO	0,90m, 1,20m EN ÁREAS DESARROLLADAS POR PLANEAMIENTO	
	ZONAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	MESETA A MÁX. 0,85m DE ALTURA, ANCHO MÍN. 0,80m	MESETA A MÁX. 0,90m DE ALTURA, ANCHO MÍN. 0,80m	

Art. 16.6 do Decreto 35/2000: “En núcleos rurais, cando as características morfolóxicas das edificacións e rúas preexistentes ou a orografía dificulten a creación de itinerarios peonís adaptados, poderanse admitir substitucións polos itinerarios mixtos previstos no punto 4 e outras solución alternativas”.

NOTAS:

- (1) As pendentes dos itinerarios adáptanse ás existentes xa que a súa modificación alteraría as condicións actuáis que relacionan o itinerario coas edificacións e propiedades lindantes.

Considéranse itinerarios mixtos os tramos de vía que atravesan solo clasificado como núcleo rural tanto en Murada como en Pardellas ou A Umia. As actuacións nos tramos de vía fóra de núcleo considéranse exentas do cumprimento da normativa de accesibilidade por estar destinados, principalmente, ao tránsito de vehículos.

Rodeiro, febreiro de 2016



Fdo. Leticia Diéguez Alonso

# **ANEXO VI: AVALIACIÓN AMBIENTAL**





## 1 AVALIACIÓN AMBIENTAL

Segundo o establecido na lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, máis concretamente no seu artigo 7.- Ámbito de aplicación da avaliación de impacto ambiental:

1. Serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria os seguintes proxectos:

- a) Os comprendidos no anexo I, así como os proxectos que, presentándose fraccionados, alcancen os limiares do anexo I mediante a acumulación das magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.
- b) Os comprendidos no apartado 2, cando así o decida caso por caso o órgano ambiental, no informe de impacto ambiental de acordo cos criterios do anexo III.
- c) Calquera modificación das características dun proxecto consignado no anexo I ou no anexo II, cando dita modificación cumpra, por si soa, os limiares establecidos no anexo I.
- d) Os proxectos incluídos no apartado 2, cando así o solicite o promotor.

2. Serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada:

- a) Os proxectos comprendidos no anexo II.
- b) Os proxectos non incluídos nin no anexo I nin no anexo II que poidan afectar de forma apreciable, directa ou indirectamente, a Espazos Protexidos Rede Natura 2000.
- c) Calquera modificación das características dun proxecto do anexo I ou do anexo II, distinta das modificacións descritas no artigo 7.1.c) xa autorizados, executados ou en proceso de execución, que poida ter efectos adversos significativos sobre o medio ambiente. Entenderase que esta modificación pode ter efectos adversos significativos sobre o medio ambiente cando supoña:
  - 1.º Un incremento significativo das emisións ás atmosfera.
  - 2.º Un incremento significativo das verteduras a canles públicas ou ao litoral.
  - 3.º Incremento significativo da xeración de residuos.
  - 4.º Un incremento significativo na utilización de recursos naturais.
  - 5.º Unha afección a Espazos Protexidos Rede Natura 2000.
  - 6.º Unha afección significativa ao patrimonio cultural.
- d) Os proxectos que, presentándose fraccionados, alcancen os limiares do anexo II mediante a acumulación das magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

- e) *Os proxectos do anexo I que serven exclusiva ou principalmente para desenvolver ou ensaiar novos métodos ou produtos, sempre que a duración do proxecto non sexa superior a dous anos.*

Comprobada a relación de proxectos incluídos nos anexos I e II da lei de avaliación ambiental considérase que as actuacións incluídas no Proxecto de Pavimentación e Mellora de Vías Municipais en Pardellas, Murada e A Umia, non alcanzan os limiares dos proxectos que han de ser sometidos a avaliación ambiental ordinaria ou avaliación ambiental simplificada.


Rodeiro, febreiro de 2016



Asdo. Leticia Diéguez Alonso

## DOCUMENTO N° 2: PLANOS





## PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN PARDELLAS, MURADA E A UMIA

  
**LETICIA DIEZGUZA ALONSO**  
 Encarregada de Carreiras, Canais e Portos  
 Contrato nº 22.022

**SOLICITANTE:**

CONCELLO DE FORCAREI

**SITUACIÓN:**

TERMINO MUNICIPAL DE FORCAREI

**PLANO DE:**

SITUACIÓN XERAL

**DATA:**

FEBREIRO DE 2016

**MEMORIA:**


S/E

**PLANO Nº:**

00








**PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN  
PARDELLAS, MURADA E A UMIA**

**LETICIA DIEZGUEZ ALONSO**  
Escritora de Cartillas, Casado a Partes  
Colección nº 22.628

<b>DELEGANTE</b>	CONCELLO DE FORCAREI		
<b>SITUACION</b>	MURADA		
<b>PLANO DE</b>	SITUACIÓN SOBRE CARTOGRAFÍA		
<b>DATA:</b>	FEBREIRO 2016	<b>ESCALA:</b>	1/10000
		<b>PLANO Nº:</b>	<b>03</b>



**PLANTA DE ACTUACION**  
 Escala 1/2500



**SOLO RUSTICO**

	PRINCIPAL USO DE USO E EDIFICIO RUSTICO		USOS PERMISIVOS
	DE PROTECCION DE ZONAS FORESTALES		GOBIERNO
	DE PROTECCION DE ZONAS AGRICOLAS		SAO-VOLUNTARIA
	DE PROTECCION DE ZONAS AGROPECUARIAS		RECONSTRUCCION
	DE PROTECCION DE ZONAS AGROPECUARIAS		RECONSTRUCCION
	DE PROTECCION DE ZONAS AGROPECUARIAS		RECONSTRUCCION
	DE PROTECCION DE ZONAS AGROPECUARIAS		RECONSTRUCCION

**SITUACION SOBRE PXOM**  
 Escala 1/5000


**MURADA**

**ACTUACIONES:**  
 Limpieza de merceos e foxas  
 Limpieza da superficie  
 Beaches  
 Picado da rocha para regularización da plataforma  
 Carre superficial / badén diversos  
 Pavimento con DTS e selado  
 LONXITUDE DO TRAMO: 719 metros  
 ANCHO variable  
**COORDENADAS DO TRAMO:**  
 Inicio tramo: x: 551.582,84 Y: 4.714.005,81  
 Final tramo: x: 551.572,89 Y: 4.713.574,82

**PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS EN PARDELLAS, MURADA E A UMIA**

 <b>LETIZIA GONZÁLEZ ALONSO</b> Encarregada de Planificación, Construción e Obras Concello de Murada	SOLICITANTE: <b>CONCELLO DE PORCAREI</b>
SERVIDOR: <b>MURADA</b>	FECHA DE EMISIÓN: <b>FEBRERO 2018</b>
PLANTA DE ACTUACIÓN E SITUACIÓN SOBRE PXOM	ESCALA: <b>1/2500 e 1/5000</b>
<b>04</b>	FECHA DE APROBACIÓN: <b>2018</b>





**PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN  
PARDELLAS, MURADA E A UMIA**

**LETICIA DIEZGÚEZ ALONSO**  
Escritora de Carteiros, Casado a Partes  
Colección nº 22.628

**DELEGTANTE**

CONCELLO DE FORCAREI

**SITUACIÓN**

CAMIÑO PARDELLAS - LAMASGALÁN

**PLANO DE**

SITUACIÓN SOBRE CARTOGRAFÍA

**DATA:**

FEBREIRO 2016

**ESCALA:**

1/10000

**PLANO Nº:**

05




POLIGONO 406  
PARCELA 134  
Coordenadas:  
Datum: WGS84  
Huso UTM: 29  
x: 558.829.22  
y: 4.721.273.99

POLIGONO 406  
PARCELA 130  
Coordenadas:  
Datum: WGS84  
Huso UTM: 29  
x: 559.048.98  
y: 4.721.358.59

Zona de reforzo de firme

**PLANTA DE ACTUACION**  
Escala 1/2000



**SOLO RUSTICO**

- LIMITE ENTRE TIPOS DE SOLO MEDIDO
- DE PROTECCION DE ZONAS FORESTALES
- DE PROTECCION DE ZONAS AGRICOLAS
- DE PROTECCION DO PATRIMONIO
- DE PROTECCION ECOLOXICA
- DE PROTECCION DE ESPACIOS NATURALES

**ESPAÇOS LIBRES DE USO E DOMINIO PUBLICO**

- EQUIPAMENTOS
- EDIFICIOS
- ESPAÇO CULTURAL
- ANVENIMENTOS
- ECOLIXE
- ESPAÇOS
- DE SERVIZOS COMUNS

**MADEIRAS ARBORENTAIS E ARBOS DE PROTECCION**

- AREAS DO CALCULO DE PATRIMONIO
- ZONA DE PROTECCION DO PATRIMONIO

**LIMITE DO SOLO URBANO**

- AMENIO DO SOLO URBANO
- AMENIO DO NUCLEO RURAL
- AMENIO DO NUCLEO URBANO
- AMENIO DO SOLO URBANIZABLE
- AMENIO DO SOLO URBANIZABLE DE SERVIZOS
- SOLO URBANIZABLE NO SECTORIZADO

**SITUACION SOBRE PXOM**  
Escala 1/4000

**CAMINO PARDELLAS - LAMASGALAN**

**ACTUACIONES:**  
 Limpeza de marxes e foxos  
 Reforzo de firme en zona deteriorada  
 Regularización do firme con MBQ  
 Pavimento con MBQ  
**LONGITUDE DO TRAMO:** 540 metros  
**ANCHO MEDIO:** 4,80 metros  
**COORDENADAS DO TRAMO:**  
 Datum: WGS84  
 Uso UTM: 29  
 Inicio tramo x: 559.140,07 y: 4.721.528,46  
 Final tramo x: 558.766,38 y: 4.721.278,30

**PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN PARDELLAS, MURADA E A UMIA**

**SOLICITANTE:** CONCELLO DE FORCAREI

**SITUACIÓN:** CAMIÑO PARDELLAS - LAMASGALAN

**PLANO DE:** PLANTA DE ACTUACION E SITUACION SOBRE PXOM

**DATA:** FEBREIRO 2016

**ESCALA:** 1/2000 e 1/4000

**PLANO Nº:** 06

**LETICIA DIEZGUIZ ALONSO**  
 Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos  
 Colexado nº 22.623

# DOCUMENTO N° 3: PREGO DE CONDICIÓN



# ÍNDICE

índice.....	1
<b>1 INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>4</b>
1.1 Obxecto do Prego.....	4
1.2 Descrición xeral da obra .....	4
<b>2 DISPOSICIÓNS LEGAIS E NORMATIVA DE APLICACIÓN.....</b>	<b>4</b>
<b>3 condicións xerais.....</b>	<b>5</b>
<b>3.1 Definicións e ámbito de aplicación.....</b>	<b>5</b>
3.1.1 Definición do Prego.....	5
3.1.2 Ámbito de aplicación.....	5
3.1.3 Documentos que definen as obras.....	6
<b>3.2 Disposicións Xerais.....</b>	<b>6</b>
3.2.1 Dirección das obras.....	6
3.2.2 Inspección das obras.....	7
3.2.3 Persoal do Contratista en obra.....	8
3.2.4 Oficina do Contratista.....	8
3.2.5 Ordes ao Contratista.....	9
3.2.6 Libro de Incidencias.....	10
3.2.7 Policía das obras.....	10
<b>3.3 Obrigas sociais, laborais e económicas.....</b>	<b>11</b>
3.3.1 Perdas e avarías nas obras.....	11
3.3.2 Danos e prexuízos.....	11
3.3.3 Recrutamento de persoal.....	12
3.3.4 Subcontratos de obra.....	12
3.3.5 Seguridade e Saúde.....	12
3.3.6 Protección do Medio Ambiente.....	13
3.3.7 Servidumes, permisos e licenzas.....	14
3.3.8 Documentos contractuais e informativos.....	14
3.3.9 Contradicións, omisións ou erros.....	15
<b>3.4 Iniciación das obras.....</b>	<b>16</b>
3.4.1 Coñecemento do lugar e circunstancias das obras.....	16
3.4.2 Reformulación previa.....	16
3.4.3 Prazos de execución.....	16
3.4.4 Estudo de execución das obras.....	17
3.4.5 Programa de traballos.....	17

<b>3.5</b>	<b>Desenvolvemento e control das obras.....</b>	<b>18</b>
3.5.1	Reformulacións en obra.....	18
3.5.2	Instalacións e obras auxiliares.....	19
3.5.3	Maquinaria e medios auxiliares.....	20
3.5.4	Materiais.....	20
3.5.5	Conservación das obras.....	21
3.5.6	Sinalización das obras.....	22
<b>4</b>	<b>CONDICIÓNs DOS MATERIAIS.....</b>	<b>22</b>
4.1	Xeneralidades.....	22
4.2	CONDICIÓNs PARA OS MATERIAIS.....	22
4.2.1	Formigóns.....	22
4.2.2	Mallazo de aceiro.....	25
4.2.3	Morteiro de cemento.....	25
4.2.4	Firmes.....	25
4.2.5	Pavimentos.....	26
<b>5</b>	<b>CONDICIÓNs DE EXECUCIÓN DA OBRA.....</b>	<b>30</b>
5.1	Valado, sinalización e ámbito da obra.....	30
5.2	Reformulación.....	30
5.3	Maquinaria.....	30
5.4	Ensaio.....	30
5.5	Limpeza de foxos e marxes.....	31
5.6	Apertura de caixa.....	31
5.7	Corte e demolición do pavimento.....	31
5.8	Obras de drenaxe.....	32
5.9	Firmes.....	33
5.9.1	Reforzos de firme con pedra e tratamento semiprofundo bituminoso.....	33
5.10	Pavimentación.....	34
5.10.1	Pavimento con tratamentos superficiais.....	34
5.10.2	Regas de adherencia.....	35
5.10.3	Mesturas bituminosas en quente.....	36
5.11	Unidades de obra non incluídas no presente Prego.....	38
5.12	Responsabilidade do contratista respecto da calidade dos materiais.....	38
<b>6</b>	<b>MEDICIÓN E ABOAMENTO DAS OBRAS.....</b>	<b>39</b>
6.1	Definición.....	39
6.2	Medición e aboamento.....	39

6.2.1	Excesos de obra .....	39
6.2.2	Limpeza de foxos.....	39
6.2.3	Limpeza da superficie do pavimento.....	39
6.2.4	Apertura de caixa.....	39
6.2.5	Corte e demolición do pavimento existente .....	40
6.2.6	Obras de drenaxe .....	40
6.2.7	Firmes .....	40
6.2.8	Pavimentación .....	41
6.2.9	Medición e valoración doutras obras.....	42
6.3	Permisos, impostos e licenzas.....	42
6.4	Obras incompletas. ....	42
6.5	Obras defectuosas pero aceptables. ....	42
6.6	Prezos contraditorios.....	43
6.7	Obras non especificadas no presente Prego.....	43
6.8	Gastos diversos a cargo do contratista. ....	43
6.9	Rescisión.....	43
7	ESPECIFICACIÓNS SOBRE O CONTROL DE CALIDADE.....	44

## **1 INTRODUCCIÓN**

### **1.1 Obxecto do Prego.**

Este prego de Prescricións Técnicas Particulares ten por obxecto a descrición das obras e regular a súa execución, fixar as características dos materiais a empregar, e ensaios a que deben someterse, establecer a forma de medición das distintas unidades de obra e as partidas alzadas.

### **1.2 Descrición xeral da obra.**

Proxéctanse obras de pavimentación e mellora de vías municipais en Pardellas, Murada e A Umia que consistirán na realización de limpeza de marxes e foxos, limpeza da superficie do pavimento, picado puntual de rochas para a regularizaicón da superficie do camiño, apertura de caixa para reforzo de firme, base de firme granular, tratamento semiprofundo bituminoso, bacheos e/ou regularización da superficie así como execución, no lugar de Murada, de dous badéns transversais en formigón armado para a derivación de augas de escorrega superficial. Por último, levaranse a cabo as pavimentacións especificadas para cada caso mediante mestura bituminosa en quente previa aplicación de rega de adherencia ou dobre rega asfáltica con tratamento posterior de selado

## **2 DISPOSICIÓNS LEGAIS E NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

Ademais do especificado no presente Proxecto, serán de aplicación as disposicións, normas, regulamentos e leis, cuxas prescricións poidan afectar ás obras descritas no Proxecto.

Serán de aplicación de modo explícito as disposicións que se indican a continuación:

- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local. Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Regulamentación das Corporacións Locais do 9 de xaneiro de 1953.
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais do 17 de xuño de 1955.
- Lei de Contratos das Administracións Públicas do 18 de maio de 1995 (Lei 13/1995).
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (RDL3/2011).
- Instrución de formigón Estrutural (EHE).
- Instrución para a Recepción de Cementos, RC-08.
- PG-3.
- Normas UNE, DIN, ESO, ASTM, ASME e CEI a decidir pola Dirección técnica das Obras por proposta do Contratista.

- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción, no marco da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Prego de prescricións técnicas xeral para canalizacións de saneamento, segundo Orde de 28 de xullo de 1974.
- Prego de prescricións técnicas xeral para canalizacións de saneamento, segundo Orde de 15 de setembro de 1986.
- Instrución 5.2-IC Drenaxe Superficial, segundo Orde do 14 de Maio de 1.990.
- Norma 6.3-IC: "Rehabilitación de firmes", aprobada pola orde FOM/3459/03.
- RD 105/2008, da 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Norma 8.1-IC: "Sinalización vertical".
- Norma 8.2-IC: "Marcas viais"

Serán de aplicación as disposicións oficiais que substitúan, modifiquen ou complementen ás citadas na relación anterior, así como as novas disposicións que se promulguen posteriormente, sempre que ámbalas dúas sexan de obrigado cumprimento na execución das obras do Contrato, e estivesen viventes na data do anuncio da licitación, se a houbo, ou na data de notificación da adxudicación definitiva nos demais casos.

### **3 CONDICIÓNS XERAIS.**

#### **3.1 Definicións e ámbito de aplicación.**

##### **3.1.1 Definición do Prego.**

O Presente Prego de Prescricións Técnicas constitúe o conxunto de normas técnicas específicas, establecidas con carácter de documento contractual, para os efectos de identificar, precisar ou complementar as condicións fixadas polas regulamentacións xerais viventes, sancionadas pola boa práctica construtiva, que se consideran básicas para a realización das obras definidas no proxecto de referencia.

O Presente Prego contén as condicións técnicas que deben cumprir os materiais, as instrucións para a execución, medición e valoración das unidades de obra e as obrigas de carácter técnico ou funcional que asume o Contratista en orde a unha correcta realización das obras e en canto ás súas relacións co Director destas.

##### **3.1.2 Ámbito de aplicación.**

As prescricións do presente prego serán de aplicación á construción, control, dirección e inspección das obras correspondentes ao Proxecto titulado "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN PARDELLAS, MURADA E A UMIA" no Concello de Forcarei, do que forma parte integrante.



En tódolos puntos do presente Prego entenderase que o seu contido rexe para as materias que expresan os seus títulos.

As unidades de obra que non se inclúsen ou se sinalasen especificamente neste PPTP, executaranse de acordo co establecido nas normas e instrucións técnicas en vigor que sexan aplicables ás devanditas unidades, co sancionado polo costume como regras de boa práctica na construción e coas indicacións que, sobre o particular, sinala o Director da Obra.

### **3.1.3 Documentos que definen as obras**

O Prego de Prescricións Técnicas determina as obras en canto á súa natureza e características físicas. Os planos, como documentos gráficos, definen as obras nos seus aspectos xeométricos, e conforman estes:

- Os planos do Proxecto.
- Os planos que oficialmente entregue o Director de Obra ao Contratista.
- As modificacións dos planos anteriores, polas circunstancias das obras.
- Todos os debuxos, esbozos e instrucións que, despois de ser subministrados polo Contratista, fosen expresamente aprobados polo Director de Obra.

O Prego terá prelación sobre o resto de documentos no referente a materiais a empregar, execución, medición e valoración das obras.

Os prezos designados en letra no Cadro de Prezos nº 1, co incremento de execución por Contrata e coa baixa que resulte da adxudicación das obras, son os que serven de base ao contrato. O contratista non poderá reclamar que se produza modificación ningunha neles baixo pretexto de erro ou omisión.

Os prezos do Cadro de Prezos nº 2 aplicaranse única e exclusivamente nos casos en que sexa preciso aboar obras incompletas, cando por rescisión ou outra causa non cheguen a rematar os contratos.

## **3.2 Disposicións Xerais.**

### **3.2.1 Dirección das obras.**

O promotor designará un Técnico superior como Director das Obras. Tal designación seralle comunicada ao Contratista á firma do Contrato, ou cando se produza cambio na persoa designada.

No desempeño do seu labor poderá contar con colaboradores que desenvolverán o seu labor en función das atribucións a que alcancen os seus títulos profesionais ou coñecementos específicos, integrándose na Dirección da Obra. Da identidade e atribucións de tales colaboradores será informado o Contratista polo Director das Obras.

As funcións do Director ou do substituto en quen expresamente delegase, por canto se refire á dirección, control e vixilancia das obras que fundamentalmente afectan ás súas relacións co Contratista, son as seguintes:

- Esixir ao Contratista, directamente ou a través do persoal ás súas ordes, o cumprimento das condicións contractuais.

- Garantir a execución das obras con estrita suxeición ao proxecto aprobado, ou modificacións debidamente autorizadas, e o cumprimento do programa de traballos.
- Definir aquelas condicións técnicas que os Pregos de Prescricións correspondentes deixan á súa decisión.
- Resolver sobre todas as cuestións que consideren o seu contido técnico e que precisen interpretación para garantir o cumprimento dos fins do Contrato, sen modificar as condicións deste. Sen carácter limitativo poderán ser cuestións relativas a interpretación de planos, condicións de materiais e de execución de unidades de obra, interpretación de textos con contido técnico, etc.
- Estudar as incidencias ou problemas formulados nas obras que impidan o normal cumprimento do Contrato ou aconsellen a súa modificación, tramitando, se é o caso, as propostas correspondentes.
- Propoñer as actuacións procedentes para obter, dos organismos oficiais e dos particulares, os permisos e autorizacións necesarios para a execución das obras e ocupación dos bens afectados por elas e resolver os problemas formulados polos servizos e servidumes relacionados con estas.
- Asumir persoalmente e baixo a súa responsabilidade en casos de urxencia ou gravidade, a dirección inmediata de determinadas operacións ou traballos en curso, para o cal poderá dispoñer do persoal e medios adscritos ás obras que xulgue necesarios, comunicándoo coa maior antelación e urxencia posibles ao Delegado de Obra do Contratista.
- Acreditar ao Contratista as obras realizadas, conforme ao disposto nos documentos do Contrato.
- Participar nas recepcións provisional e definitiva e redactar a liquidación das obras, conforme ás normas legais establecidas.

O Contratista estará obrigado a prestar a súa colaboración ao Director para o normal cumprimento das funcións a este encomendadas; en particular, proporcionará ao Director e ao ao persoal colaborador autorizado por este, toda clase de facilidades para practicar reformulacións, recoñecementos e probas dos materiais e da súa preparación, para levar a cabo a inspección e vixilancia da execución da obra e de todos os traballos anexos, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións establecidas no presente Prego.

### **3.2.2 Inspección das obras.**

O Director, ao iniciar as súas actuacións, comunicará ao Delegado de Obra do Contratista, a partir deste momento Delegado, a relación nominal daquelas persoas, representantes da Dirección de Obra ou da Propiedade que poderán realizar inspeccións complementarias das obras.

Os inspectores ou persoas en misión de inspección complementaria poderán identificarse na Obra ante o Delegado, a partir de cuxo momento este último deberá acompañar os visitantes e darlles toda clase de facilidades para o exercicio das súas funcións. Se non estivese presente o

Delegado ou o seu suplente, os inspectores poderán facerse acompañar das persoas presentes en obra que xulguen máis axeitadas de entre as incluídas na relación nominal actualizada á que fai referencia o punto 3.2.3.

### **3.2.3 Persoal do Contratista en obra.**

O Contratista deberá designar un Delegado seu que actuará con poderes abondo para realizar as seguintes funcións:

- Exercer a representación do Contratista cando sexa necesaria a súa actuación ou presenza segundo o Regulamento Xeral de Contratación e os Pregos de Cláusulas, así como en todos os actos derivados do cumprimento das obrigas contractuais, sempre en orde á execución e boa marcha das obras.
- Organizar a execución da obra e poñer en práctica as ordes recibidas do Director.
- Colaborar coa Dirección da Obra na resolución dos problemas que se formen durante a execución das obras.

Antes da iniciación das obras, o Contratista presentará por escrito ao Director a relación nominal e a titulación do persoal facultativo que, ás ordes do Delegado, será responsable directo dos distintos traballos ou zonas da obra. O nivel técnico e a experiencia deste persoal serán os adecuados, en cada caso, ás funcións que lle fosen encomendadas, en coincidencia co ofrecido polo Contratista na proposición aceptada pola Administración na adxudicación do Contrato de obras. O Contratista dará conta ao Director dos cambios que teñan lugar durante o tempo de vixencia do Contrato.

O Director poderá suspender os traballos, sen que diso se deduza alteración ningunha dos termos e prazos do Contrato, cando non se realicen baixo a dirección do persoal facultativo designado para estes. O Contratista será responsable dos efectos da suspensión dos traballos por esta circunstancia.

O Director poderá esixir do Contratista a designación de novo persoal facultativo cando así o requiran as necesidades dos traballos. Presumirase que existe sempre o devandito requisito nos casos de incumprimento das ordes recibidas ou de negativa a subscribir, coa súa conformidade ou reparos, os documentos que reflictan o desenvolvemento das obras, como son os partes de obra executada, os datos de medición de elementos que forman parte de obras que han de quedar ocultas, os resultados de ensaios, as ordes do Director e outros análogos definidos polas disposicións do Contrato ou convenientes para un mellor desenvolvemento deste.

O sinalado nos dous parágrafos anteriores, en canto á súa execución poderá ser precedido da oportuna comunicación do Director a través do Libro de Ordes e en tal caso sinalarase un prazo para corrixir as deficiencias concretas.

### **3.2.4 Oficina do Contratista.**

O Contratista deberá instalar antes do comezo das obras, e mantela durante a execución do Contrato unha Oficina de Obra no lugar que considere máis apropiado, logo de conformidade do Director.

O Contratista deberá, necesariamente, conservar nela polo menos unha copia autorizada dos documentos contractuais do proxecto base do Contrato e o libro de Ordes; para tales efectos a Administración subministrará a aquel unha copia daqueles documentos antes da data en que teña lugar a comprobación da reformulación.

O Contratista non poderá proceder ao cambio ou traslado da Oficina de Obra sen previa autorización do Director.

En todo caso, o Contratista deberá resolver as súas comunicacións internas e cara ao exterior da obra polos seus propios medios ou utilizando os servizos públicos existentes na zona. A estes efectos o Contratista deberá instalar os seus propios equipos telefónicos ou de radio telecomunicación e xestionar por si mesmo, ante o Gabinete de Ordenación das Telecomunicacións, as conexións de frecuencias radioeléctricas que necesite, sen custo para a Propiedade nin intervención desta.

Todos os gastos derivados do cumprimento do establecido no presente artigo serán por conta do Contratista, incluídos nos prezos do Contrato.

### **3.2.5 Ordes ao Contratista.**

Na Oficina de Obra existirá un Libro de Ordenes no que deberán reflectirse todas aquelas que, emanadas da Dirección de Obra, se xulgue pertinente que sexan reflectidas neste, xa sexa a xuízo do Director ou do Delegado do Contratista. Un e outro terán acceso ao Libro de Ordenes de modo inmediato e sen restricións, e este estará constituído por un volume encadernado de páxinas numeradas e seladas polo Colexio Profesional correspondente.

O Director iniciará as súas comunicacións ao Contratista no Libro de Ordenes sinalando a lista do seu persoal colaborador máis significado coas atribucións propias de cada persoa e sinalando quen haberá de suplilo nas súas ausencias. Así mesmo sinalará a continuación a relación nominal dos seus superiores xerárquicos dentro da Propiedade para os efectos da Inspección das obras que se inician, todo iso limitado a aquelas persoas que para os asuntos relativos ao cargo que ocupan ou pola función que exercen, teñen facultades para acceder ao devandito libro e transcribir nel, dentro das súas competencias, o que consideren necesario comunicar ao Contratista.

As ordes emanadas da Superioridade xerárquica do Director, salvo casos de recoñecida urxencia, comunicaranse ao Contratista por intermedio do Director. De darse a excepción antes expresada, a Autoridade promotora da orde comunicaraa simultaneamente ao Director con análoga urxencia.

O Contratista estará obrigado a informar ao Director das ordes e observacións escritas por outras autoridades no Libro de Ordenes coa maior urxencia posible.

Na iniciación e durante o curso da execución das obras, o Contratista deberá aterse ás ordes e instrucións que lle sexan dadas pola Propiedade, que esta lle comunicará por escrito duplicado suscrito polo Director, debendo devolver, o Contratista, unha copia coa firma do "Informado". Á súa vez, o Contratista terá dereito a que se lle acuse recibo, se o pide, das comunicacións ou reclamacións que dirixa ao Director.

Cando o Contratista estime que as prescricións dunha orde superan as súas obrigas dimanantes do Contrato, deberá presentar a súa reclamación, por escrito e debidamente xustificada, nun prazo de dez (10) días, pasado o cal non será atendible. A reclamación non suspenderá o cumprimento da orde, a menos que sexa decidido o contrario polo Director. Sen prexuízo das disposicións procedentes, o Contratista executará as obras aténdose estritamente aos planos, perfís, debuxos, ordes do Director e, no seu caso, aos modelos que lle sexan subministrados no curso do Contrato.

O Contratista estará obrigado a cumprir as prescricións escritas que sinale o Director, aínda que supoñan modificación ou anulación de ordes precedentes ou alteración de planos previamente autorizados ou da súa documentación anexa; sen que iso supoña menoscabo do dereito do Contratista a formular as reclamacións que, se é o caso, considere oportunas, de acordo co establecido no parágrafo 06 do presente punto, nin supoña motivo para paralizar ou reducir o ritmo de execución das obras.

### **3.2.6 Libro de Incidencias.**

O Director levará un "Libro de Incidencias da obra" para os efectos de memorando sobre a realización desta.

Coa periodicidade que en cada caso o Director xulgue conveniente, en razón da súa posible significación fará constar todos os extremos que considere oportuno e entre eles:

- As condicións atmosféricas e a temperatura ambiente máxima e mínima.
- Noticia sobre o estado de avance dos distintos traballos e sobre os realizados no máis próximo pasado.
- Relación dos ensaios realizados e dos resultados obtidos.
- Diverxencias sobrevidas entre os supostos previstos e a realidade comprobada en canto poidan afectar á calidade, custo ou ritmo das obras.
- Calquera outra circunstancia que, ao seu xuízo, puidese chegar a ter no futuro influencia sensible á execución do contrato ou na idoneidade do proxecto.

Canto figure no Libro de Incidencias deberá ser subscrito, validado ou matizado en canto á súa posible significación polo Director.

### **3.2.7 Policía das obras.**

O Contratista é responsable da orde, limpeza, vixilancia e condicións de seguridade e sanitarias das obras obxecto do Contrato, polo que deberá adoptar ao seu cargo e baixo a súa responsabilidade, as medidas axeitadas, xa sexa ao seu propio xuízo, como sen son sinaladas polas Autoridades competentes, polos Regulamentos vixentes ou polo Director das obras.

En calquera caso a aceptación polo Director dun concreto e determinado plan de policía das obras non exime ao Contratista das responsabilidades en que puidese incorrer pola súa inadecuación, estimada esta a xuízo das autoridades administrativas ou xudiciais.

As disposicións de orde interna, tales como o establecemento de áreas de restrición, condicións de entrada ao recinto, precaucións de seguridade e calquera outra de interese para a Propiedade, serán regulamentadas e controlada pola Dirección da obra e de obrigado cumprimento polo Contratista e o seu persoal.

En caso de conflitos, de calquera clase, que puidesen implicar alteracións de orde pública, corresponderá ao Contratista a obriga de poñerse en contacto coas Autoridades competentes e convir con elas a disposición das medidas axeitadas para evitar a devandita alteración, mantendo ao Director debidamente informado.

Todos os gastos que orixine o cumprimento do establecido no presente punto serán por conta do Contratista, polo que non serán de aboamento directo.

### **3.3 Obrigas sociais, laborais e económicas.**

#### **3.3.1 Perdas e avarías nas obras.**

O Contratista tomará as medidas necesarias, á súa costa e risco, para que o material, instalacións e as obras que constitúan obxecto do Contrato, non poidan sufrir danos ou prexuízos como consecuencia de calquera fenómeno natural previsible, de acordo coa situación e orientación da obra e en consonancia coas condicións propias dos traballos e dos materiais a utilizar.

O Contratista estará obrigado a tomar, como mínimo, as seguintes precaucións:

- As precaucións e medidas regulamentarias para evitar avarías e danos por descargas atmosféricas nas instalacións eléctricas e telefónicas, no almacenamento e emprego de explosivos, carburantes, gases e de calquera material inflamable, deflagrante ou detonante.
O árido deberá estar exento de terróns de arxila, materia vexetal, marga ou outras materias estrañas. O seu coeficiente de limpeza, será inferior aos límites reflectidos na táboa 533.3 P. De non se cumprir esta prescrición o Director das obras poderá esixir o lavado do árido e unha nova comprobación.

TÁBOA 533.3P

VALOR MAXIMO DO COEFICIENTE DE LIMPEZA (NLT-176/86)	CATEGORIA DE TRAFICO PESADO	
	T0 y T1	T2, T3, T4 e beiravías
	0,5	1,0

Calidade

O máximo valor do coeficiente de desgaste Los Ángeles do árido grosso, segundo a norma NLT-149/72, e o mínimo valor do coeficiente de puído acelerado, segundo as normas NLT-74/72 e NLT-175/72, estarán nos límites da Táboa 533.4 P.

TÁBOA 533.4P

CALIDAD	CATEGORIA DE TRAFICO PESADO			
	T0	T1	T2	T3 y T4
COEFICIENTE MAXIMO DESGASTE LOS ANGELES (NLT-149/72)	15		20	30
COEFICIENTE MINIMO PUÍDO ACELERADO (NLT-174/72)	0,50	0,45		0,40

NOTA: ESTAS CONDICIÓNNS NON SERÁN ESIXIBLES EN BEIRAVÍAS.

Forma

O índice de laxas, segundo a norma NLT-354/74, será inferior ao valor fixado na táboa 533.5 P

TÁBOA 533.5P

VALOR MAXIMO DO INDICE DE LAJAS NLT-354/74)	CATEGORIA DE TRAFICO PESADO		
	T0 y T1	T2	T3, T4 e beiravías
	20	25	30

### Adhesividade

Considerarase que a adhesividade é suficiente cando simultaneamente:

- A proporción en masa de árido totalmente envolvido despois do ensaio de inmersión en auga, segundo a norma NLT-166/76, sexa superior ao noventa e cinco por cento (95%).
- A proporción de árido non desprendido no ensaio de placa Vialit, segundo a norma NLT-313/87, sexa superior ao noventa por cento (90%) en masa por vía húmida, e ao oitenta por cento (80%) en masa por vía seca.

Poderá mellorarse a adhesividade do árido elixido mediante activantes ou calquera outro produto sancionado pola experiencia, ou mediante métodos tales como o seu prequentamento ou a súa pre-envolvida cun ligante hidrocarbonado. En tales casos o Director das obras establecerá o tipo de adición ou as especificacións que terán que cumprir os devanditos métodos e, en todo caso, as correspondentes aos áridos resultantes.

### Humidade

No momento da súa extensión a humidade do árido non deberá ser tal que prexudique a súa adhesividade co ligante bituminoso empregado.

### Granulometría

O árido a utilizar será un A 8/12 e un A 5/8. Na rega superior de selado empregarase area lavada.

#### **4.2.5.2 Regas de adherencia**

Defínese como rega de adherencia a aplicación dunha emulsión bituminosa sobre unha capa tratada con ligantes hidrocarbonados ou conglomerantes hidráulicos, previa á colocación sobre esta de calquera tipo de capa bituminosa que non sexa un tratamento superficial con grava, ou unha calea bituminosa.

O tipo de emulsión a empregar estará incluído entre os que a continuación se indican, segundo a nova nomenclatura establecida pola norma EN 13808:

- C60B4 ADH – C60B3ADH
- C60BP4 ADH – C60BP3 ADH

A dotación da emulsión bituminosa non será inferior en ningún caso a douscentos gramos por metro cadrado (200 g/m<sup>2</sup>) de ligante residual, nin a douscentos cincuenta gramos por metro cadrado (250 g/m<sup>2</sup>) cando a capa superior sexa unha mestura bituminosa discontinua en quente; ou unha capa de rodadura drenante; ou unha capa de mestura bituminosa en quente, tipo densa ou semidensa empregada como rehabilitación superficial dunha estrada en servizo.

#### **4.2.5.3 Mestura bituminosa en quente**

#### LIGANTE HIDROCARBONADO

Os betumes a empregar nas mesturas asfálticas deberán presentar un aspecto homoxéneo e estar exentos de auga de modo que non formen escuma cando se quenten á temperatura de

emprego.

Os tipos de betume a empregar para as mesturas asfálticas en quente serán os B (60/70) e B (80/100).

#### ÁRIDOS

Será de aplicación o indicado no apartado correspondente a áridos para o formigón e en todo caso o recollido no artigo 542 do PG-3.

#### CONTROL E CRITERIOS DE ACEPTACIÓN E REXEITAMENTO

As materias obxecto de control nesta unidade de obra serán as seguintes:

- Materiais que a constitúen
- Mestura bituminosa
- Comprobación da superficie de asento
- Extensión
- Espesor da carga e compactación
- Xeometría

#### CONTROL DE MATERIAIS

Para comprobar o cumprimento das especificacións contidas neste artigo, poderanse realizar, antes da fabricación da mestura, os seguintes ensaios:

##### Árido grosso e fino:

Desgaste de los ángeles	S/NLT-149
Adhesividade	S/NLT-166 o S/NLT-355
Densidade relativa	S/NLT-167 S/NLT-149
Coefficiente de pulido acelerado	S/NLT-174 y S/NLT-175
Granulométrico	S/NLT-150
Índice de lajas	S/NLT-354
Porcentaxe de elementos con dúas o máis caras de fractura	
Inmersión- compresión	S/NLT-162

##### Filler:

Granulométrico  
Densidade aparente en tolueno

##### Ligante:

De cada partida esixirase o certificado de análise correspondente

Ademais poderase realizar en ensaio de penetración S/NLT-124



## **5 CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DA OBRA.**

### **5.1 Valado, sinalización e ámbito da obra.**

O Contratista deberá colocar sinais ben visibles tanto de día coma de noite, nas obras de explanación, así como os valos, palenques e balizamentos necesarios para evitar accidentes a transeúntes e vehículos, propios ou alleos á obra.

Así mesmo, no caso de que a execución das obras esixa a utilización ou afección parcial ou total dalgunha vía ou condución pública ou privada, o Contratista dispoñerá os pasos provisionais necesarios con elementos de suficiente seguridade, para reducir ao mínimo as molestias aos viandantes e tráfico rodado ou no caso de que se trate de conducións, protexelas co fin de non perturbar ao servizo que han de prestar, todo iso de acordo coa forma e nos lugares que determine o Director Técnico das Obras.

En todo momento o Contratista deberá coidar o aspecto exterior da obra e as súas proximidades, á vez que poñerá en práctica as oportunas medidas de precaución, evitando montóns de terra, entullos e abastos de materiais e almacenamentos de útiles, ferramentas e maquinarias.

### **5.2 Reformulación.**

Antes de comezar as obras o Contratista realizará as reformulacións previas ao inicio dos traballos necesarios para a correcta execución das obras, conforme o Proxecto. As oficinas, almacéns e demais instalacións auxiliares que o Contratista precise instalar a pé de obra, deberán axustarse na súa situación, dimensións, etc. ao que autorice o Director Técnico das Obras, entendéndose como norma xeral que non deben entorpecer o tráfico nin presentar mal aspecto.

### **5.3 Maquinaria.**

O equipo necesario para a execución das obras deberá ser aprobado pola Dirección Técnica destas e haberá de manterse, en todo momento, en condicións de traballo satisfactorias.

### **5.4 Ensaio.**

Os ensaios deben realizarse no laboratorio que designe a Dirección Facultativa das obras, sendo os seus resultados os que rexerán a boa execución destas.

O Contratista pode dispoñer do seu propio laboratorio para os efectos de asegurar un mínimo de resultados falidos nas súas peticións de "apto" ao laboratorio da Dirección Facultativa das obras.

## **5.5 Limpeza de foxos e marxes**

O refino e reperfilado de cunetas consiste en limpar e dar forma ás cunetas no terreo, para o correcto desaugadoiro da auga de esorrentía superficial.

O refino e reperfilado das cunetas levarase a cabo por medios mecánicos con axuda de medios manuais en caso necesario. Os produtos extraídos levaranse a vertedoiro ou lugar de emprego. Tras o perfilado, no caso de que as cunetas queden sen revestir, daráselles a forma e perfilaranse os paramentos de forma que se facilite a circulación da auga.

Naquelas zonas onde sexa preciso, ampliarase a sección da cuneta ata conseguir unha capacidade de desaugue similar á existente augas arriba e/ou augas abaixo do tramo en cuestión.

No caso de que non exista cuneta, limparanse as marxes da vía por medios mecánicos agás nas zonas onde a existencia de edificacións ou muros e a configuración do pavimento non permitan o uso de retroexcavadora ou motoniveladora, neste caso a limpeza efectuarase por medios manuais. Ao igual que na limpeza de foxos, os produtos extraídos levaranse a vertedoiro ou lugar de emprego

## **5.6 Apertura de caixa**

A profundidade da escavación será a indicada na documentación técnica, podendo modificarse a xuízo do Director de obra, en función da natureza do terreo, mediante ordes escritas deste, e sen que iso supoña variación ningunha no prezo.

Estas unidades inclúen a propia escavación cos medios que sexan precisos, a carga sobre camión, o transporte a vertedoiro ou abasto no seu caso e a lugar de emprego, calquera que fora a distancia de transporte, así como tamén inclúe a carga, o transporte adicional de abasto intermedio no seu caso a lugar de emprego, así como o corte do pavimento se fose preciso e a regularización dos bordos de escavación.

Os vertedoiros non deberán perturbar o curso das augas, nin as propiedades, nin a estética do ámbito e da paisaxe. Tomaranse medidas abondo para o efecto, que se consideran incluídas no prezo da unidade.

O Contratista adoptará tódalas medidas de seguridade suficientes para evitar calquera accidente por abasto de material ou por modificación dos fluxos de tránsito habituais nas vías sobre as que se actúe.

A superficie quedada unha vez efectuada a escavación perfilarase e nivelarase deixándoa acondicionada para recibir os materiais que se pretendan estender.

## **5.7 Corte e demolición do pavimento**

Demoler consiste en derribar construcións ou elementos construtivos. Neste caso inclúense os seguintes traballos:

- Corte e demolición do pavimento existente

Para a execución da obra, o contratista será responsable da adopción de tódalas medidas de seguridade e do cumprimento das disposicións vixentes ao efectuar as operacións de demolición, así como de evitar que se produzan danos, molestias ou perxuzos a terceiros.

Antes de proceder á demolición comprobaranse os servizos afectados co fin de tomar as medidas oportunas.

Os materiais procedentes da demolición trasladaranse a vertedeiro ou acopiaranse en lugar adecuado e seguro para a súa posterior reutilización na obra.

## **5.8 Obras de drenaxe**

As obras de drenaxe proxectadas para esta actuación consisten na execución de badéns transversais de formigón armado que permitan desviar a auga de escorrega que poida circular pola plataforma do camiño.

Estarase, en todo caso, ao disposto na lexislación vixente en materia ambiental, de seguridade e saúde, e de almacenamento e transporte de produtos de construción.

Preparación do leito de asento:

A partir da superficie natural do terreo ou da explanación, procederase á execución da escavación da caixa que requira a obra de drenaxe e á nivelación, refino e preparación do leito de asento.

Cando o terreo natural no que se realice a escavación non cumpra a condición de chan tolerable, poderá ser necesario, a xuízo do Director das Obras, colocar unha capa de chan seleccionado segundo o especificado no artigo 330, "Terrapléns" do PG-3, de máis de dez centímetros (10 cm) convenientemente nivelada e compactada.

Durante a construción desta obra de drenaxe adoptaranse as medidas oportunas para evitar erosións e cambio de características no leito de asento. Para estes efectos, o tempo que o leito poida permanecer sen revestir limitarase ao imprescindible para a posta en obra do formigón, e en ningún caso será superior a oito días (8d).

Formigonado:

A posta en obra do formigón realizarase dacordo coa Instrución de Formigón Estrutural (EHE), o artigo 630, "Obras de formigón en masa ou armado" do PG-3 e coas condicións que esixa o Proxecto.

Coidarase a terminación das superficies, non permitíndose irregularidades maiores de quince milímetros (15 mm) medidas con regra de tres metros (3 m) estática segundo NLT 334.

Os defectos en espesor do revestimento de formigón previsto nos planos de Proxecto non serán superiores a dez milímetros (10 mm), nin á cuarta parte (1/4) do espesor nominal.

As seccións que non cumpran estas condicións serán levantadas e executada de novo, non permitíndose o recheo con morteiro de cemento.

Xuntas:

As xuntas dispoñeranse segundo figure na documentación técnica ou segundo determine a dirección facultativa.

As xuntas de contracción executaranse, con carácter xeral, a distancia de dous metros (2 m), o seu espesor será de tres milímetros (3 mm) no caso de xuntas sen selar e de polo menos cinco milímetros (5 mm) nas xuntas seladas.

Despois do curado do formigón as xuntas deberán limparse, colocándose posteriormente, se é o caso, os materiais de recheo, selado e protección que figuren no Proxecto.

## **5.9 Firmes**

### **5.9.1 Reforzos de firme con pedra e tratamento semiprofundo bituminoso**

Consiste na execución dunha base de pedra tratada con ligante bituminoso en reforzo de firme incluíndo estendido e compactado de capa de árido grosso, aplicación de ligante e saturación do mesmo con árido de menor granulometría.

Inmediatamente despois da extensión do árido procederase á súa compactación. O apisoado executarase lonxitudinalmente, comezando polo bordo exterior e progresando cara ao centro, solapándose cada percorrido co anterior, de acordo co que sobre o particular ordene o Director, á vista do equipo de compactación empregado. A compactación continuarase ata que o árido grosso quede perfectamente trabado.

Nos lugares inaccesibles para os equipos normais, a compactación efectuarase mediante pisóns mecánicos ou outros medios aprobados ata lograr resultados análogos aos obtidos polos procedementos normais.

Todo o material que se mesturase con po ou outra materia estraña deberá substituírse por material limpo, volvendo compactarse a zona afectada.

A aplicación do ligante elixido farase coa dotación e á temperatura aprobadas polo Director, de xeito uniforme, e evitando a duplicación da dotación nas xuntas de traballo transversais. Para iso, colocaranse tiras de papel ou outro material baixo os difusores, naquelas zonas da superficie onde comece ou se interrompa o traballo, co obxecto de que o rego poida iniciarse ou rematarse sobre elas e os difusores funcionen con normalidade sobre a zona a tratar.

A temperatura de aplicación do ligante será tal, que a súa viscosidade estea comprendida entre vinte e cen segundos Saybolt Furol (20-100 sSF).

Protexeranse, para evitar manchalos de ligante, cantos elementos construtivos ou accesorios, tales como bordos, valos, árbores, etc, poidan sufrir este efecto.

A extensión do árido fino elixido realizarase de xeito uniforme, coa dotación aprobada polo Director, non deixando transcorrer máis de cinco minutos (5 min) dende a aplicación do ligante bituminoso, mellorando a súa repartición mediante a acción de grades de cepillos. A distribución do árido efectuarase de maneira que se evite o contacto das rodas co ligante sen cubrir.

Cando a aplicación do ligante se realice por franxas, o árido estenderase de forma que quede sen cubrir unha banda duns vinte centímetros (20 cm) da zona tratada, xunto á superficie, que aínda non o fose, co obxecto de que na devandita banda se complete a dotación de ligante prevista ao efectuar a súa aplicación na franxa adxacente.

Inmediatamente despois da extensión do árido fino procederase á súa compactación, que se simultaneará co paso de grades de cepillos distribuidores, comezando polo bordo exterior e progresando cara ao centro, solapándose cada percorrido co anterior, de acordo co que sobre o particular ordene o Director, á vista do equipo de compactación empregado. A compactación continuarase ata obter unha superficie lisa e estable, sen que se produzan movementos perceptibles baixo o compactador, debendo quedar rematada antes de media hora (1/2 h) de iniciada a extensión.

Prevese o estendido do árido fino en dúas tongadas de forma que estendida e perfectamente compactada e integrada a primeira, aplicárase de novo unha pequena dotación de ligante e estenderase e compactará a segunda capa de árido fino.

Deberá eliminarse todo o exceso de árido que quedase solto sobre a superficie.

## **5.10 Pavimentación**

### **5.10.1 Pavimento con tratamentos superficiais**

Consiste na aplicación, bicapa, dun ligante bituminoso sobre unha superficie seguida da extensión e apisoado dunha capa de árido, as dotacións de ligante e árido así como a granulometría dos mesmos será a indicada no proxecto ou a que, no seu caso, determine a Dirección de obra, para cada unha das capas. Rematarase o pavimento coa aplicación dunha rega de selado saturada con area lavada, segundo as dotacións establecidas en proxecto.

O proceso a seguir será o indicado na Documentación Técnica cumprindo, as dotacións de árido e ligante en cada rego, co establecido no apartado correspondente do PG-3.

A distribución do árido efectuarase de maneira que se evite o contacto coas rodas da estendedora do ligante sen cubrir.

Despois da extensión do árido procederase á súa compactación que se executará lonxitudinalmente comezando polo bordo exterior e progresando cara ao centro, solapándose cada percorrido co anterior nun ancho non inferior a un cuarto do elemento compactador. O compactado continuarase ata obter unha superficie lisa e estable, debendo quedar rematado antes de media hora de iniciada a extensión. A extensión e o recubrimento da segunda e terceira capa do ligante efectuarase de forma análoga á descrita anteriormente, se o tempo o permite, dentro das 24 horas seguintes á construción da primeira. Os tratamentos superficiais realizaranse cando a temperatura ambiente á sombra sexa superior a 10° C e non se prevexan precipitacións atmosféricas.

Deberanse de tomar as medidas necesarias para que a velocidade máxima do tráfico sobre a superficie recién rematada sexa inferior a 30 km/h.

Para a execución dos bacheos seguirase o mesmo procedemento anteriormente descrito limitado á superficie do bache e coas dotacións indicadas en proxecto, previamente efectuarase unha preparación da superficie e regularización de bordes.

### 5.10.2 Regas de adherencia

Aplicación de emulsión bituminosa sobre unha capa tratada con ligantes hidrocarbonados ou conglomerantes hidráulicos, previa á colocación sobre esta de calquera tipo de capa bituminosa que non sexa un tratamento superficial con grava, ou unha calea bituminosa. Considéranse incluídas dentro desta unidade de obra as operacións seguintes:

- Limpeza e comprobación da superficie
- Aplicación do rego de adherencia
- Protección da capa

A dotación de emulsión será de, polo menos 600 gr/m<sup>2</sup>. O equipo para a aplicación do ligante irá montado sobre pneumáticos, e deberá ser capaz de aplicar a dotación de emulsión especificada, á temperatura prescrita. O dispositivo regador proporcionará unha uniformidade transversal suficiente, a xuízo do Director das Obras, e deberá permitir a recirculación en baleiro da emulsión.

Se fose necesario quentar a emulsión, o equipo deberá estar dotado dun sistema de calefacción por serpentíns somerxidos na cisterna, a cal deberá ser calorífuga. En todo caso, a bomba de impulsión da emulsión deberá ser accionada por un motor, e estar provista dun indicador de presión. O equipo tamén deberá estar dotado dun termómetro para a emulsión, cuxo elemento sensor non poderá estar situado nas proximidades dun elemento calefactor.

Comprobarase que a superficie sobre a que se vaia efectuar o rego de adherencia cumpre as condicións especificadas para a unidade de obra correspondente. No caso contrario, deberá ser corrixida de acordo ás instrucións do Director das Obras.

Inmediatamente antes de proceder á aplicación da emulsión bituminosa, a superficie a tratar limparase de po, sucidade, barro e materiais soltos ou prexudiciais. Para iso utilizaranse varredoras mecánicas ou máquinas de aire a presión; nos lugares inaccesibles a estes equipos poderanse empregar vasoiras de man. Coidarase especialmente de limpar os bordos da zona a tratar.

Se a superficie fose un pavimento bituminoso en servizo, eliminaranse, mediante fresado, os excesos de emulsión bituminosa que houbese, e repararanse os danos que puidesen impedir unha correcta adherencia.

Se a superficie tivese un rego de curado dos definidos no artigo 532 do PG 3, transcorrido o prazo de curado, eliminarase este por varrido enérxico, seguido de sopro con aire comprimido ou outro método aprobado polo Director das Obras.

A emulsión bituminosa aplicarase coa dotación e temperatura aprobadas polo Director das Obras. A súa extensión efectuarase de xeito uniforme, evitando duplicala nas xuntas transversais de traballo. Para iso, colocaranse, baixo os difusores, tiras de papel ou outro material nas zonas onde se comece ou interrompa o rego. Onde fose preciso regar por franxas, procurarase unha lixeira superposición do rego na unión de dúas contiguas. A temperatura de aplicación da emulsión será tal que a súa viscosidade estea comprendida entre dez e corenta segundos Saybolt Furol (10 a 40 sSF), segundo a NLT-138.

Protexeranse, para evitar manchalos de ligante, cantos elementos, tales como bordos, valos, sinais, balizas, etc., estean expostos a iso.

O rego de adherencia poderase aplicar só cando a temperatura ambiente sexa superior aos dez graos celsius (10°C), e non exista fundado temor de precipitacións atmosféricas. O devandito límite poderase rebaixar a xuízo do Director das Obras a cinco graos celsius (5°C), se a temperatura ambiente tende a aumentar.

A aplicación do rego de adherencia coordinarase coa posta en obra da capa bituminosa a aquel superposta, de maneira que a emulsión bituminosa curase ou rompese, pero sen que perdesse a súa efectividade como elemento de unión. Cando o Director das Obras o considere necesario, efectuarase outro rego de adherencia, o cal non será de aboamento se a perda de efectividade do rego anterior fose imputable ao Contratista.

Prohibirase todo tipo de circulación sobre o rego de adherencia, ata que remate a rotura da emulsión.

Para o control de execución desta unidade considerárase como lote, que aceptará ou rexeitará en bloque, ao de menor tamaño de entre os resultantes de aplicar os tres (3) criterios seguintes:

- Cincocentos metros (500 m) de calzada.
- Tres mil cincocentos metros cadrados (3.500 m<sup>2</sup>) de calzada.
- A superficie regada diariamente.

A dotación de emulsión bituminosa comprobarase mediante a pesaxe de bandexas metálicas ou follas de papel, ou doutro material similar, colocadas sobre a superficie durante a aplicación da emulsión, en non menos de cinco (5) puntos. En cada unha destas bandexas, chapas ou follas determinarase a dotación de ligante residual, segundo A UNE-EN 12697-3.

O Director das Obras poderá autorizar a comprobación das dotacións medias de emulsión bituminosa, por outros medios.

Comprobaranse a temperatura ambiente, a da superficie a tratar e a da emulsión, mediante termómetros colocados lonxe de calquera elemento calefactor.

### **5.10.3 Mesturas bituminosas en quente**

Mestura bituminosa colocada a temperatura superior á do ambiente.

Considéranse incluídas dentro desta unidade de obra as operacións seguintes:

- Comprobación da superficie de asento.
- Colocación da mestura bituminosa.
- Compactación da mestura bituminosa.
- Protección do pavimento rematado.

A superficie acabada quedará plana, lisa, con textura uniforme e sen segregacións.

Axustarase á sección transversal, á rasante e aos perfís previstos.

Terán a pendente transversal que se especifique na D.T.

Terá o menor número de xuntas lonxitudinais posibles. Estas terán a mesma textura, densidade e rematado que o resto da capa.

Alcanzarase, como mínimo, o grao de compactación previsto segundo a norma NLT-159 (ensaio Marshall).

Tolerancias de execución:

- Nivel da capa de rodadura:  $\pm 10$  mm
- Nivel das outras capas:  $\pm 15$  mm
- Planidade da capa de rodadura:  $\pm 5$  mm/3 m
- Planidade das outras capas:  $\pm 8$  mm/3 m
- Regularidade superficial da capa de rodadura:  $\leq 5$  dm/2 hm
- Regularidade superficial das outras capas:  $\leq 10$  dm/2 hm
- Espesor de cada capa:  $\geq 80\%$  do espesor teórico
- Espesor do conxunto:  $\geq 90\%$  do espesor teórico

Condicións do proceso de execución das obras

A capa non se estenderá ata que se comprobe que a superficie sobre a que debe asentarse ten as condicións de calidade e forma previstas, coas tolerancias establecidas.

Se nesta superficie hai defecto ou irregularidades que excedan das tolerables, corríxanse antes da execución da partida de obra.

Suspenderanse os traballos cando a temperatura sexa inferior a  $5^{\circ}\text{C}$  ou en caso de chuvia. O rego estará curado e conservará toda a capacidade de unión coa mestura. Non pode ter restos fluidificados ou auga na superficie.

A estendedora estará equipada con dispositivo automático de nivelación.

A temperatura da mestura no momento do seu estendido non será inferior á da fórmula de traballo.

A extensión da mestura farase no momento do seu estendido non será inferior da capa e coa maior continuidade posible.

A mestura colocarse en franxas sucesivas mentres o canto da franxa contigua estea aínda quente e en condicións de ser compactada.

Nas vías sen mantemento da circulación, con superficies a estender superiores a  $70.000$  m<sup>2</sup>, estenderase a capa en toda a súa anchura, traballando se fose necesario con dúas ou máis estendedoras lixeiramente desfasadas, evitando xuntas lonxitudinais.

Se o estendido da mestura se fai por franxas, ao compactar unha destas ampliarase a zona de apisoado para que inclúa, como mínimo,  $15$  cm da anterior.

En caso de alimentación intermitente, comprobarase que a temperatura da mestura que quede sen estender, en moega da estendedora e debaixo dela, non sexa inferior á da fórmula de traballo.

Se procurará que las juntas transversales de capas sobrepuestas queden a un mínimo de  $5$  m una de la otra, y que las longitudinales queden a un mínimo de  $15$  cm una de la otra.

Las juntas serán verticales y tendrán una capa uniforme y fina de riego de adherencia.

Las juntas tendrán la misma textura, densidad y acabado que el resto de la capa.

La nueva mezcla se extenderá contra la junta, se apisonará y alisará con elementos adecuados y calientes, antes de permitir el paso del equipo de apisonado. Las juntas transversales de las



capas de rodadura se apisonarán transversalmente, disponiendo los apoyos necesarios para el rodillo.

La compactación empezará a la temperatura más alta posible que pueda soportar la carga.

Procurarase que as xuntas transversais de capas sobrepostas queden a un mínimo de 5 m unha da outra, e que as lonxitudinais queden a un mínimo de 15 cm unha da outra.

As xuntas serán verticais e terán unha capa uniforme e fina de rego de adherencia.

As xuntas terán a mesma textura, densidade e rematado que o resto da capa.

A nova mestura estenderase contra a xunta, apisoarase e alisará con elementos axeitados e quentes, antes de permitir o paso do equipo de apisoado. As xuntas transversais das capas de rodadura apisoaranse transversalmente, dispoñendo os apoios necesarios para o rolo.

A compactación empezará á temperatura máis alta posible que poida soportar a carga.

Utilizarase un rolo vibratorio autopulsado e de forma continua. As posibles irregularidades corríxiranse manualmente.

Os rolos levarán a súa roda motora do lado máis próximo á estendedora; os seus cambios de dirección faranse sobre a mestura xa compactada, e os seus cambios de sentido faranse con suavidade. Coidarase que os elementos de compactación estean limpos, e se é preciso, húmidos.

As irregularidades que excedan das tolerancias especificadas, e as zonas que reteñan auga sobre a superficie, corríxiranse segundo as instrucións da D.F.

Non se autorizará o paso de vehículos e maquinaria ata que a mestura non estea compactada, á temperatura ambiente e coa densidade adecuada.

### **5.11 Unidades de obra non incluídas no presente Prego.**

As unidades de obra que non se inclúsen e sinalase especificamente neste Prego, executarase de acordo co sancionado polo costume como regra de boa práctica na construción e segundo as indicacións que sobre o particular sinala a Dirección das Obras. Serán de aplicación, a este respecto, cantas normas sinalen os regulamentos e instrucións especificados no apartado correspondente do presente Proxecto.

### **5.12 Responsabilidade do contratista respecto da calidade dos materiais.**

Non se procederá ao emprego de materiais, sen que antes sexan examinados e aceptados polo Director, despois de realizarse previamente as probas e ensaios previstos neste Prego.

No suposto de que non houberse conformidade cos resultados obtidos, ben por parte da Contrata, ben por parte da Dirección de Obra, someteranse os materiais en cuestión ao exame do Laboratorio Central de Ensaos de Materiais de Construción, dependente do Ministerio de Obras públicas, estando obrigadas ambas as dúas partes, á aceptación dos resultados que se obteñan e das conclusións que se formalicen.

Os gastos de ensaio de materiais de todas as clases, incluídas, consumo de enerxía e materiais auxiliares, limpeza e conservación das instalacións de laboratorio, así como os gastos incluídos no plan de vixilancia, serán por conta do Contratista.

## **6 MEDICIÓN E ABOAMENTO DAS OBRAS.**

### **6.1 Definición.**

Defínense como unidades de obra aquelas partes da execución da obra que son capaces de ser valorados axustándose ás definicións dadas no Cadro de prezos número un (nº1).

### **6.2 Medición e aboamento.**

#### **6.2.1 Excesos de obra.**

Calquera exceso de obra que non fose autorizado por escrito pola Dirección Facultativa non será de aboamento.

#### **6.2.2 Limpeza de foxos**

Corresponde aos traballos de limpeza de foxo con motoniveladora (2 foxos) ou marxes onde non haxa foxo, incluíndo carga e transporte de produtos sobrantas a vertedoiro.

Aboarase por aplicación dos prezos correspondentes do Cadro de Prezos nº 1, aos metros lineais (ml) deducidos das medicións realizadas no lugar da obra.

Inclúense nos prezos desta unidade todos os medios materiais, mecánicos, humanos, medios auxiliares e custos indirectos necesarios para a correcta execución da obra.

#### **6.2.3 Limpeza da superficie do pavimento**

A limpeza enérxica da superficie do pavimento existente, mediante cepillo de aramio, incluso repaso manual así como a limpeza de firme por medios manuais que se aplicará nas zonas onde non sexa posible a limpeza de marxes por medios mecánicos e no firme onde o varrido por medios mecánicos non sexa suficiente, aboarase por aplicación dos prezos correspondentes a cada unidade do Cadro de Prezos nº 1, aos metros cadrados (m<sup>2</sup>) deducidos das medicións realizadas no lugar da obra.

Inclúense nos prezos desta unidade todos os medios materiais, mecánicos, humanos, medios auxiliares e custos indirectos necesarios para a correcta execución da obra.

#### **6.2.4 Apertura de caixa**

A apertura de caixa para posterior construción de firme, excavando a superficie con motoniveladora ou retroescavadora aboarase por aplicación dos prezos, correspondentes a dita unidade, do Cadro de Prezos nº 1, aos metros cadrados (m<sup>2</sup>) realmente excavados, dacordo coa Documentación Técnica do Proxecto e os criterios de medición que determine a Dirección Facultativa, se o crese oportuno.

Inclúense tódolos traballos necesarios así como os medios materiais, man de obra, maquinaria, medios auxiliares e costes indirectos, necesarios para a correcta execución da unidade de obra.

Non serán de abono incrementos en excavación nin incrementos noutras unidades (base ou reforzo de firmes, pavimentos...) por un exceso na profundidade de medición que non fosen previamente aprobados polo Director de obra.

#### **6.2.5 Corte e demolición do pavimento existente**

Corte e demolición de pavimento asfáltico ou de formigón, ata un espesor de 15cm, incluíndo o operario e unha cortadora de xuntas.

Serán de abono, por aplicación dos prezos recollidos no Cadro de Prezos nº 1 do proxecto, para cada unidade, os metros lineais (ml) de corte, dacordo coa Documentación Técnica do Proxecto e as medicións efectuadas na obra; os metros cadrados (m<sup>2</sup>) de pavimento demolido dacordo coa Documentación Técnica do Proxecto e unha vez comprobadas as medicións en obra.

Inclúense tódolos traballos necesarios así coma os medios materiais, man de obra, maquinaria, medios auxiliares e costes indirectos, necesarios para a correcta execución da unidade de obra.

#### **6.2.6 Obras de drenaxe**

Corresponde aos traballos de execución de badén transversal para desvío das augas de choiva que descorran pola plataforma do camiño. Aboarase por aplicación dos prezos recollidos no Cadro de Prezos nº 1 de proxecto, correspondentes ás unidades de metro cúbico (m<sup>3</sup>) de formigón HM-20 e metro cadrado (m<sup>2</sup>) de mallazo electrosoldado ME de 20x20 cm. e 6 mm. de diámetro segundo as medicións resultantes das unidades executadas en obra.

Inclúense nos prezos desta unidade de obra todos os medios materiais, mecánicos, humanos, medios auxiliares e custos indirectos necesarios para a correcta execución da obra.

#### **6.2.7 Firmes**

##### **6.2.7.1 Base granular de firme**

Corresponde aos traballos de extendido, nivelado e compactado de base de firme con pedra 32/63 mm, con motoniveladora.

Aboaranse por aplicación dos prezos correspondentes do Cadro de Prezos nº 1, aos metros cúbicos (m<sup>3</sup>) de base de firme de pedra, deducidos das medicións realizadas en obra, de acordo coa documentación técnica e nas condicións establecidas pola dirección facultativa.

Inclúense os medios materiais, mecánicos, humanos, medios auxiliares e custos indirectos necesarios para a correcta execución da obra.

### **6.2.7.2 Tratamento semiprofundo bituminoso**

Corresponde aos traballos de aplicación de ligante bituminoso saturado con árido, todo elo coas dotacións indicadas na documentación técnica, e debidamente compacta.

Aboaranse por aplicación dos prezos correspondentes do Cadro de Prezos nº 1 aos metros cadrados (m<sup>2</sup>) de tratamento de unidade executada, dacordo coas medicións realizadas en obra e coas condicións establecidas pola dirección facultativa.

Inclúense tódolos medios materiais, mecánicos, humanos, medios auxiliares e custos indirectos necesarios para a correcta execución da unidade.

### **6.2.7.3 Bacheo**

Corresponde esta unidade coa reparación de firme a base de pedra 40/70 de rega asfáltica coa dotación establecida na documentación técnica debidamente compactada e saturada con áridos de menor granulometría, incluso preparación da superficie con vaciado do bache se fora necesario.

Aboaranse os metros cadrados (m<sup>2</sup>) de superficie realmente reparada, dacordo cos criterios de medición establecidos pola dirección facultativa, con aplicación dos prezos recollidos no Cadro de Prezos nº 1 de Proxecto.

Inclúense os medios materiais, mecánicos, humanos, medios auxiliares e custos indirectos necesarios para a correcta execución da unidade.

### **6.2.7.4 Regularización da superficie con mestura bituminosa en quente**

Corresponde esta unidade coa regularización, naqueles tramos que o precisen, da superficie do pavimento mediante mestura bituminosa en quente, incluso parte proporcional de rega de adherencia.

Aboaranse os metros cadrados (m<sup>2</sup>) de superficie regularizada, de acordó cos criterios de medición establecidos pola dirección facultativa, con aplicación dos prezos recollidos no Cadro de Prezos nº 1 de Proxecto.

## **6.2.8 Pavimentación**

### **6.2.8.1 Pavimentación tratamentos superficiais**

Corresponde á execución dun tratamento superficial bicapa consistente na aplicación de ligante bituminoso saturado con árido e compactado, coas dotacións e granulometrías indicadas na documentación técnica para cada unha das capas, e a aplicación posterior dun tratamento de selado consistente na aplicación dunha capa de ligante bituminoso saturado con area lavada.

Aboaranse por aplicación dos prezos, correspondentes a cada unidade, do Cadro de Prezos nº 1, aos metros cadrados (m<sup>2</sup>) de cada un dos tratamentos executados, deducidos das medicións realizadas en obra, de acordo coa documentación técnica e nas condicións establecidas pola dirección facultativa.

Inclúense tódolos medios materiais, mecánicos, humanos, medios auxiliares e custos indirectos necesarios para a correcta execución da obra.

### **6.2.8.2 Mestura bituminosa en quente**

Corresponde aos traballos de estendido, nivelado e compactado de aglomerado en quente incluso rega de adherencia.

Aboaranse por aplicación dos prezos do Cadro de Prezos nº 1, correspondentes aos metros cadrados (m<sup>2</sup>) de unidade executada deducidos das medicións realizadas en obra, de acordo coa documentación técnica e nas condicións establecidas pola dirección facultativa.

Inclúense nos prezos das unidades de obra correspondentes todos os medios materiais, mecánicos, humanos, medios auxiliares e custos indirectos necesarios para a correcta execución da obra.

### **6.2.9 Medición e valoración doutras obras.**

Calquera outra unidade de obra non especificada anteriormente neste apartado, medirase e aboarase conforme ao consignado no Cadro de Prezos N°1 ou no seu defecto, aos contraditorios que se aproben.

## **6.3 Permisos, impostos e licenzas.**

Os prezos que figuran nos cadros número un (1) e dous (2) inclúen impostos de toda índole, que gravan aos diversos conceptos no mercado, agás o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE). Corre por conta do contratista a obtención de permisos e licenzas para levar a cabo aquelas obras que o requiran.

## **6.4 Obras incompletas.**

Cando por consecuencias de rescisión ou por outra causa fose preciso aboar obras incompletas aplicaranse os prezos do Cadro número dous que non admite descomposición a este respecto.

O Contratista deberá preparar os materiais que teña acopiados para que estean en disposición de ser recibidos no prazo que para o efecto determina a Dirección das Obras, sendo aboadas de acordo co expresado no devandito Cadro de Prezos.

En ningún destes casos terá dereito o Contratista a reclamación algunha fundada na insuficiencia dos prezos dos Cadros ou en omisión de custo de calquera dos elementos que constitúen os referidos prezos.

## **6.5 Obras defectuosas pero aceptables.**

Se algunha das obras non se acha executada conforme ás condicións do contrato e fose, non obstante, admisible, poderá ser recibida provisionalmente e definitivamente, se é o caso, pero o Contratista quedará obrigado a conformarse, sen dereito a reclamación de ningún xénero, coa rebaixa que a Administración aprobe, salvo no caso en que o Contratista prefira demolela e reconstruíla á súa costa, conforme ás condicións de contrato.

## **6.6 Prezos contraditorios.**

Se fose necesario fixar prezo para unidades de obra non consignadas no Presuposto, efectuaranse entre o Director da Obra, como representante da Propiedade, parte contratante e polo Contratista, conforme ás normas establecidas nos Pregos Xerais de Contratación, repetidamente citados.

A fixación de senllos prezos deberá efectuarse antes da execución das obras a que haxan de aplicarse, pero se por calquera causa tivesen sido executadas as obras, o Contratista queda obrigado a aceptar os prezos que sinale o Director da Obra.

## **6.7 Obras non especificadas no presente Prego.**

Mediranse e aboaranse de acordo coas unidades que figuran nos Cadros de Prezos.

## **6.8 Gastos diversos a cargo do contratista.**

O Contratista terá a obriga de montar e conservar por conta unha subministración axeitada de auga e saneamento tanto para as obras coma para uso do persoal instalando e conservando os elementos precisos para este fin.

Será tamén de conta do Contratista, a subministración de enerxía eléctrica, o cal deberá establecer á súa costa, as liñas eléctricas, subestacións, transformadores, etc., que considere necesarios.

Correrá tamén a cargo do Contratista a execución dos camiños de obra necesarios para a execución desta.

Igualmente executaranse á súa costa as edificacións, de carácter industrial e sanitario (talleres, almacéns, laboratorios de ensaio; silos, etc) e as que requiran os medios auxiliares das obras, así como os necesarios para aloxamentos e outros servizos do persoal de Contrata.

Nos casos de rescisión de Contrato, calquera que sexa a causa que o motive, serán de conta do Contratista os gastos orixinados pola liquidación, así como pola retirada dos medios auxiliares empregados ou non na execución das obras.

## **6.9 Rescisión**

En caso de rescisión procederase ao levantamento da acta de suspensión das obras que deberá ir asinada polo Director da Obra e o Contratista e na que se fará constar o acordo que orixinou a rescisión.

A acta debe ir acompañada, como anexo, da medición tanto da obra executada coma dos materiais acopiados a pé de obra.

A Propiedade procederá ao aboamento das obras executadas e materiais acopiados sobre a base da descomposición efectuada en cadro de Prezos nº 2, por aplicación dos prezos do devandito cadro ás medicións reais da obra.

Calquera que sexa a causa que motive a rescisión do Contrato, os gastos de liquidación, así como os orixinados pola retirada dos medios auxiliares serán de conta do Contratista.

## **7 ESPECIFICACIÓNS SOBRE O CONTROL DE CALIDADE.**

Se a Propiedade o considera necesario ou o obriga algunha norma de aplicación, por parte desta, e coa aprobación da Dirección Facultativa, encargarse, a un Laboratorio de Control de Calidade, con homologación recoñecida, a execución do Control de Calidade de aceptación.

Independentemente, o Construtor deberá levar ao seu cargo e baixo a súa responsabilidade o Control de Calidade de produción.

O Construtor deberá facilitar, ao seu cargo, ao Laboratorio de Control designado pola Propiedade, as mostras dos distintos materiais necesarios, para a realización dos ensaios que se relacionan, así como aqueles outros que considerara oportuno ordenar a Dirección Facultativa.

Co fin de que a realización dos ensaios non supoña obstáculo ningún na boa marcha da obra, as distintas mostras de materiais entregaranse con antelación suficiente, e que como mínimo será de 15 días máis o propio tempo de realización do ensaio.

